



MEMORIA DE ACTIVIDADES

Instituto da Lingua Galega
2007



Memoria de actividades
2007

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

USC

EDITA
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidde, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Teléfonos
981 56 31 00 ext. 12815/12810/12802
www.usc.es/ilgas

USC, marzo de 2008

Limiar

O Instituto da Lingua Galega (ILG) é un instituto universitario propio da Universidade de Santiago de Compostela dedicado á investigación lingüística do galego. De acordo cos requisitos establecidos no artigo 58º dos Estatutos da USC vixentes, relativo aos Institutos Universitarios, é un centro destinado á investigación científica e técnica da lingua propia de Galicia, presta asesoramento técnico sobre esta materia, promove a formación científica e técnica neste ámbito, organiza cursos e encontros de carácter científico e está capacitado para realizar actividades docentes especializadas e de Terceiro Ciclo.

A acta fundacional, que contén os seus primeiros estatutos, é de 26 de xullo de 1971. Asistiron á sesión constituínte do padroado, celebrada no Salón Reitoral baixo a presidencia de Manuel García Garrido (Reitor), os seguintes señores: Constantino García González (Catedrático de Filoloxía Románica, que sería nomeado Director), Manuel Díaz y Díaz (Catedrático de Filoloxía Latina, Subdirector), Ricardo Carballo Calero (representante do Centro de Estudos Fingoi, Secretario), Xosé F. Filgueira Valverde (representante do Instituto Padre Sarmiento), Marino Dónega Rozas (representante da Real Academia Galega), Xerardo Fernández

Albor (representante da Fundación Penzol), Xoaquín Arias Díaz de Rábago (representante da Fundación “Pedro Barrié, Conde de Fenosa”) e Ramón Otero Túñez (Decano da Facultade de Filosofía e Letras). Desde o ano 1984, ocupa o edificio histórico coñecido como Edificio López Ferreiro.

Camiña, por tanto, cara ás catro décadas de traballo ininterrompido a prol da investigación, divulgación e normalización da lingua galega, unha andadura que o converte nun dos institutos de investigación máis antigos dos creados pola Universidade de Santiago de Compostela, o que equivale a dicir do mapa universitario galego.

Na revisión regulamentaria aprobada no ano 2007, o ILG quedou organizado en dez seccións: (a) Lexicografía, (b) Onomástica, (c) Terminoloxía e neoloxía, (d) Lingüística aplicada, (e) Fonética e fonoloxía, (f) Dialectoloxía, (g) Gramática, (h) Sociolingüística, (i) Historia da lingua e gramática histórica, (j) Edición de textos. Complementan estas seccións tres servizos: (a) Biblioteca e arquivo documental, (b) Administración e xestión económica, (c) Apoio informático.

Os obxectivos do Instituto da Lingua Galega, declarados desde a súa

fundación e anovados na última redacción do seu regulamento de réxime interno, son:

- Desenvolver a investigación científica e técnica no campo da lingüística e filoloxía galegas.
- Poñer á disposición da comunidade de investigadores e da sociedade en xeral os resultados das investigacións e o coñecemento sobre a lingua galega.
- Promover o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas que poidan ser de aplicación para a investigación sobre a lingua galega e para difusión dos seus resultados.
- Realizar de actividades docentes de doutoramento, de posgrao e de especialización relacionadas coa lingua galega, en coordinación co Departamento de Filoloxía Galega da USC.
- Desenvolver actividades de especialización e de formación continua dirixidas a profesionais relacionados coa lingua galega, en especial no eido do ensino non universitario e dos medios de comunicación.
- Prestar asesoramento técnico a institucións e persoas relacionadas coa normalización da lingua galega, e dun modo especial aos membros da USC.
- Promover e colaborar na organización de debates, xornadas, congresos, reunións científicas,

seminarios e actividades análogas que estean en conexión coa natureza e funcións propias do ILG.

- Contribuír á normalización da lingua galega na sociedade.

Consonte o espírito que o anima desde os seus inicios, a prol da colaboración institucional e da cohesión do tecido intelectual galego, o ILG mantén relacións de colaboración continuada con distintos centros de investigación e entidades, públicos e privados, galegos e foráneos. A presente memoria dá conta dos proxectos en parcería vixentes e dos inestimables apoios recibidos de distintas institucións. Vaia a todos eles o noso recoñecemento e o testemuño da mellor disposición para ampliar e arrequentar esa cooperación.

Como Directora do ILG comprácame presentar a *Memoria 2007*, que recolle a actividade do ILG durante ese ano, consonte as liñas programáticas presentadas ao plenario da Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2007. Agradezo a cooperación entusiasta, anovada ano a ano, de todos os membros do ILG, sexa nas tarefas máis directamente relacionadas coa investigación de cada un deles, sexa na vertente de difusión e divulgación dos resultados de investigación, devolvendo o mellor do seu saber á sociedade galega, sexa nas actividades máis ingratas de carácter administrativo; sen esa

entrega xenerosa do esforzo e do tempo de todos eles, pouco do que segue sería posible. En nome do seu Consello Científico agradezo a confianza que distintas institucións e organismos, públicos e privados, depositan en nosoutros ano tras ano e o seu padroado, xa que sen as súas contribucións económicas e materiais non poderíamos levar adiante estes proxectos; traslado en primeiro lugar este sincero agradecemento

ás entidades convocadas na nosa Xunta de Goberno, pois nela está ben representado o abano institucional dos nosos máis importantes padroeiros, pero non quixera que por iso parecese menor a profunda gratitude que espertan en nós as contribucións máis modestas doutros benefactores. Cada ano aspiramos a que o balance desta memoria estea á altura do que en xustiza deben esperar de nós.

Rosario Álvarez Blanco
Directora do ILG

Actividades desenvoltas en 2007

Sección de dialectoloxía e xeografía lingüística.....	9
Arquivo do galego oral.....	9
Dialectometría das variedades xeolingüísticas do galego.....	10
Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI) : Galicia.....	11
Tesouro do léxico dialectal galego e portugués.....	12
Atlas Lingüístico Galego (ALGa).....	14
Dixitalización dos materiais do ALGa.....	17
Atlas Linguistique Roman (ALiR).....	18
Sección de fonética e fonoloxía.....	19
Diccionario fonético galego.....	19
AMPER (Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman).....	19
Descrición e estudo dos modelos entoativos no galego actual.....	20
Sección de gramática.....	21
Gramática xeral descritiva do galego moderno.....	21
Construcións verbais e sintaxe da oración.....	21
Gramática contrastiva portugués-galego.....	22
Gramática da Lingua Galega.....	22
Sección de historia da lingua e gramática histórica.....	25
XELMÍREZ. Corpus lingüístico da Galicia medieval.....	25
Gramática histórica da lingua galega.....	29
Dialectoloxía medieval galego-portuguesa.....	29
Historia da <i>scripta</i> da Galicia medieval.....	30
Estudo lingüístico e paleográfico do <i>Cancioneiro da Ajuda</i>	31
Sección de edición de textos.....	33
Edición de coleccións diplomáticas dos mosteiros galegos.....	33
Transcrición de obras medievais.....	34
Proxecto Martín Sarmiento.....	34
Sección de sociolingüística.....	37
Sociolingüística galega.....	37
Sección de lexicografía.....	39
Diccionario de dicionarios do galego medieval.....	39
Diccionario de dicionarios: xergas.....	39
Diccionario de dicionarios da lingua galega.....	40
TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) e Diccionario da lingua galega (base de datos lexicográfica).....	40

Recursos integrados para o desenvolvemento de tecnoloxías da lingua galega: desenvolvemento e integración dos recursos de enxeñería lingüística do Instituto da Lingua Galega (RILG)	41
Sección de onomástica	45
Cartografía dos apelidos de Galicia	45
Dicionario dos apelidos galegos	45
Proposta de estandarización dos nomes e dos apelidos galegos	45
Dicionario histórico da antroponimia románica. Patronymica Romanica (PatRom)	46
Cartografía da toponimia de Galicia	47
Inventario toponímico da Galicia medieval	47
Outras actividades	49
Biblioteca e arquivo	59
Publicacións	61
Participación en congresos, simposios, conferencias	63
Publicacións dos investigadores	69
Producción científica do 2006	87
Convenios e axudas	89
Resumo económico 2007	91
Persoal	93
Órganos de goberno	95

Sección de dialectoloxía e xeografía lingüística

Arquivo do galego oral

O obxectivo xeral do proxecto *Arquivo do Galego Oral* (AGO) é construír un corpus de interese multidisciplinar para estudar a situación da lingua oral, particularmente as variedades sociais e xeracionais, e á vez contribuír a un mellor coñecemento da sociedade galega a través de moi diversas mostras do patrimonio inmaterial. As metas fundamentais propostas son: 1º) inventariar e catalogar todo o material dos subarquivos que conforman o AGO; 2º) poñer en internet coleccións de etnotextos agrupados tematicamente e atendendo á súa distribución en áreas lingüísticas; 3º) redactar unha base de datos léxica do galego oral baseada, fundamentalmente, en etnotextos, que tamén se colocará en internet; 4º) actualizar e completar as coleccións de textos e outras gravacións; 5º) poñer na rede o corpus a través dun motor de buscas axeitado ás peculiaridades da lingua oral.

Durante o ano 2007, baixo a supervisión de Francisco Fernández Rei e Carme Hermida Gulías, continuáronse os traballos de inventario, catalogación e clasificación das gravacións da década de 1990 e comezos do presente milenio. Son unhas 1.200 horas de gravacións, con máis de 4.500 informantes de diversas xeracións, realizadas por case todo o dominio lingüístico galego, con mostras de máis de 2.000 lugares. A provincia de Pontevedra

é a mellor representada, sobre todo na área centro-meridional. Ao remate do ano realizáronse 501 fichas, correspondentes a 169 concellos da Galicia administrativa. En cada ficha figuran, entre outros datos, nome do concello, provincia, parroquia e lugar da gravación; sexo, idade e ocupación da persoa informante; autoría da gravación e tema da gravación, caso de estar xa transcrita. A indicación do tema (ou temas) é o máis complexo e laborioso nesta fase de catalogación, porque hai que facer unha profunda lectura para poder definir os múltiples temas que pode haber en cada traballo. Fíxose un esquema de 19 posibles bloques temáticos (algúns con moi diferentes subtemas) que se poden atopar no material analizado.

O proxecto foi presentado polo IP en senllos relatorios en dúas reunións científicas, a instancias dos organizadores. Baixo o tema “O ALGa e o *Arquivo do Galego Oral*: a imaxe do galego”, no marco do Simposio ILG *Perspectivas sobre a oralidade* (dirixido por X. L. Regueira / E. Fernández Rei / A. Escourido. Santiago de Compostela, 17 outubro-9 novembro de 2007), e o de “Traballos en marcha no dominio lingüístico galego”, no Curso de verán *Xeografía lingüística ibérica: traballos e métodos* (dirixido por Xulio Sousa Fernández. Santiago de Compostela, 18-20 xullo 2007).

IP

Francisco Fernández Rei

Equipo

Carme Ares Vázquez
Henrique Costas González
Carme García Rodríguez
Carme Hermida Gulías
Xavier Varela Barreiro
Ana García García
Mª Xosé García Merino

Financiamento

convenio coa Secretaría
Xeral de Política
Lingüística

Páxina web

www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php

Dialectometría das variedades xeolingüísticas do galego

O proxecto ten como obxectivo unha descrición das variedades lingüísticas xeográficas da lingua galega que aproveite as novas técnicas de análise dialectométrica. Para iso, o equipo encargado da investigación transforma os datos éditos e inéditos do *ALGa* para que poidan ser tratados estatisticamente. A investigación permitirá coñecer de maneira máis obxectiva e con maior fondura a proximidade entre as variedades xeolingüísticas, as áreas de cambio e transición entre as variedades, as zonas de xeración de cambios lingüísticos, as áreas máis permeables e as máis resistentes aos cambios. Os resultados do estudo permitirán tamén realizar unha proposta de clasificación das variedades que atenda a distintos trazos lingüísticos (fonética, morfoloxía, sintaxe, léxico) e a todos eles en conxunto.

O traballo realizado durante este ano centrouse fundamentalmente na compilación de materiais para incorporar á base de datos e na adecuación e tradución do programa *VDM* (*Visual Dialectometry*). No mes de abril o investigador principal realizou unha estada no Institut für Romanistik da Universidade de Salzburgo co fin de adaptar os materiais do *ALGa* á nova versión do *VDM* (mapa de polígonos, base de datos, etc.) e co de realizar unha



adaptación ao galego do programa (menús e instrucións). A versión galega do *VDM* é a primeira completa feita para unha lingua distinta do alemán. Esta nova versión será empregada tamén polos investigadores do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa para as análises dialectométricas dos materiais do *ALEPG*.

Desde o mes de setembro unha colaboradora contratada traballa co equipo de investigación na incorporación de materiais do *ALGa* á base de datos. Os materiais dos volumes publicados e dos inéditos están sendo seleccionados e clasificados e a comezos de 2008 comezarán a incorporarse á base. A partir dalgúns materiais previos e utilizando xa a nova versión do programa os investigadores desenvolveron algúns traballos de investigación presentados durante o 2007 e que verán a luz en 2008.

IP

Xulio C. Sousa Fernández

Equipo

Rosario Álvarez

Francisco X. Dubert García

Ilda Luaces Torre

Financiamento

UM 2006 - 06907

/ FILO (MEC) e

PGIDIT06PXIB240072PR

(Xunta de Galicia)

Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI) : Galicia


Este proxecto continúa os traballos iniciados no primeiro cuarto do século XX, cando o eminente filólogo Ramón Menéndez Pidal (A Coruña 1869—Madrid 1968) concibiu a idea de elaborar un atlas lingüístico das linguas románicas da península ibérica. Do nacemento e vicisitudes deste proxecto e da peregrinaxe dos valiosos materiais demos conta polo miúdo na memoria de 2006.

No territorio administrativo galego encóntranse 53 puntos de enquisa do *ALPI*. O investigador Aníbal Otero (Ribeira de Piquín 1911—1974) foi o encargado da recollida dos materiais no territorio galego, axudado nalgúns locais polo estudioso portugués Armando Nobre de Gusmão. O traballo de campo en Galicia completouse antes da Guerra Civil e foi incorporado na

redacción do primeiro tomo publicado en 1962. Os cadernos do *ALPI* ofrecen unha imaxe moi completa e detallada das variedades lingüísticas galegas do primeiro tercio do século XX que axuda a comprender mellor a historia lingüística e cultural de Galicia.

Neste ano continuouse coa informatización dos materiais dos cadernos galegos do *ALPI*. A totalidade das preguntas do caderno I están incorporadas á base coas distintas formas de transcripción (fonética, grafemática e lematizada) e tamén coas anotacións e informacións complementarias. Do caderno II E está introducida a maior parte dos materiais das catro provincias e está a revisarse os rexistros da Coruña e Lugo. O primeiro traballo que se realizará a partir destes materiais será

un tesouro léxico dialectal. O deseño da macroestrutura e da microestrutura desta obra está case pechado e xa se están a facer as primeiras probas cun formulario de Access deseñado especificamente para este fin. Durante este ano tamén se fixo un redeseño da base de datos introdución dos materiais. A base de datos actual é moito máis completa, axiliza os traballos dos manipuladores e permite facer de xeito doado buscas sobre os materiais xa incorporados.



IP

Xulio C. Sousa Fernández

Equipo

David Rodríguez Lorenzo

Rosa Mouzo Villar

Financiamento

sen financiamento externo específico

Tesouro do léxico dialectal galego e portugués

IP

Rosario Álvarez Blanco
(coordinadora xeral)

Equipo

(comité galego):

Rosario Álvarez Blanco
(IP: coordinación xeral do proxecto)

Xulio C. Sousa Fernández
(IP: coordinación do comité galego)

María Álvarez de la Granja

Xosé Afonso Álvarez Pérez

Francisco X. Dubert García

Francisco Fernández Rei

Ernesto X. González Seonane

Antón Santamarina Fernández

Xandra Santos Palmou

Financiamento

sen financiamento externo específico

O obxectivo do proxecto é integrar nun único corpus a información dialectal dispersa en bases de datos, cadernos de campo dos atlas, enquisas dialectais inéditas, monografías académicas (teses de licenciatura/mestrado e de doutoramento, traballos de investigación tutelados e outros traballos do terceiro ciclo [cursos de doutoramento], TAD, etc.) e publicacións análogas. A pretensión de reunir neste corpus lexicográfico o patrimoniodialectalgalegoeportugués, disperso en multitude de fontes, ten a virtude engadida de facer visibles e preservar unha gran cantidade de traballos académicos que na maior parte dos casos permanecen inéditos e fóra das bibliografías, facilitando aos investigadores o acceso a unha información moi rica e moi valiosa, ata agora oculta para a maioría.

O proxecto pretende crear unha base de datos dialectal en rede que permita almacenar, manexar e consultar información léxica das variedades dialectais faladas en Galicia, Portugal e Brasil. Esta base de datos servirá de fonte de información para a elaboración de dicionarios dialectais e doutros recursos lexicográficos. Tamén será unha ferramenta interesante desde o punto de vista do ensino.

O traballo non pretende limitarse ao arquivo do corpus. Quérese ofrecer

unha información precisa e útil desde o punto de vista lexicográfico, xunto coa distribución territorial e a cartografía. Para iso cómpre desenvolver as ferramentas informáticas precisas para a recolección, almacenamento e integración de materiais de distintas procedencias, así como para a presentación en rede do formato usual nas obras lexicográficas e da cartografía. A parte informática do proxecto corre a cargo dun equipo dirixido polos profesores Juan Arias e José Varela Pet, do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da USC. Nesa parte colabora tamén César Osorio, informático contratado polo ILG ao abeiro dos obxectivos dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a USC (a través do ILG).

Ademais dos investigadores do ILG integráronse no proxectos investigadores do Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (João Saramago e Sandra Pereira), do Centro de Estudos de Linguística Geral e Aplicada da Universidade de Coimbra (Clarinda de Azevedo Maia, Isabel Santos e Maria José Carvalho Antunes). Tamén se conta coa asesoría e colaboración do Instituto de Letras da Universidade Federal de Bahia (Susana Alice Cardoso, directora do Atlas Lingüístico do Brasil). Por outra

parte, participa como colaborador externo o prof. Michel Contini, da UFR des Sciences du Langage da Université Stendhal-Grenoble 3 (antigo Centre de Dialectologie), que asesorará o grupo como experto en etnolingüística dialectal.

O proxecto comezou xa, de forma experimental, no seo do ILG, onde se vén traballando na súa definición desde mediados do ano 2006, en estreita colaboración desde o inicio co grupo do CLUL. Durante o ano

2007 avanzouse na definición do proxecto e na ampliación do equipo. Elaborouse un protocolo que unifica criterios e procura evitar diverxencias no tratamento dos datos por parte dos distintos equipos e deseñouse a base de datos onde verquer os textos. No marco do curso de verán *Xeografía lingüística ibérica: traballos e métodos* foi presentado o proxecto e sometido a debate en presenza dos máis recoñecidos especialistas neste campo.

Atlas Lingüístico Galego (ALGa)

Durante o ano 2007 a sección de Dialectoloxía seguiu desenvolvendo os traballos de preparación e elaboración dos volumes do Atlas Lingüístico Galego correspondentes ao léxico. Asemade, grazas á incorporación dun técnico informático foi posible acometer un profundo traballo de corrección, modernización e mantemento da base de datos informática, para o que foi preciso ademais o concurso, parcial pero continuado, dos bolseiros inicialmente destinados á preparación dos distintos volumes. A continuación detállanse os traballos realizados para cada unha das partes do proxecto.

Ao longo do ano 2007 realizáronse as seguintes tarefas de revisión da base de datos que incorpora toda a información dos cuestionarios e serve de base á cartografía: eliminación de rexistros duplicados, corrección de preguntas sen resposta, corrección de atribución a puntos erróneos, corrección de respostas adicionais (sen pregunta numerada no cuestionario), corrección de respostas non correspondentes ao punto enquisado (puntos secundarios), corrección de respostas sen tipo, atribución de integridade referencial á base de datos. Estes cambios fixéronse coa axuda dunhas vistas para facilitar a identificación das filas problemáticas e dunha pequena aplicación *Access* e *SQL*. Os defectos na base de datos,

acumulables no tempo, fixeron urxente esta depuración, porque comezaba a causar importantes atrancos e atrasos na elaboración dos mapas; esperamos un gran rendemento do tempo e recursos investidos nesta operación de limpeza.

Asemade fixéronse cambios na aplicación do *ALGa*, aínda en proceso. Estes consisten en: melloras na interface de usuario, filtrados por número de pregunta, filtrados por número de punto, procuras nas distintas respostas ORTO e IPA, xeración automática de informes e información sobre a frecuencia de respostas ORTO segundo o número de pregunta.

O traballo desenvólvese simultaneamente en tres equipos de investigación, coordinados entre si e usando a mesma base de datos, mais cada un responsable dos volumes que lle son adxudicados.

1. O ser humano II e III

Durante este ano continuouse coa revisión das preguntas correspondentes a estes dous volumes, e máis particularmente coas respostas ás 291 cuestións que constituirán o volume dedicado ao ser humano en sociedade (denominacións por sexo e idade; parentesco, organización social e

Directores

Constantino García González
Antón Santamarina Fernández

Investigadores iniciais

Rosario Álvarez Blanco
Francisco Fernández Rei
Manuel González González

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral
de Política Lingüística

Coordinadores

Rosario Álvarez
Francisco Dubert
Xulio Sousa

Equipo

David Rodríguez Lorenzo
Dolores Villanueva Gesteira
Verónica Rúa Garrido
María Pilar López Suárez

relacións veciñais; oficios e profesións, coas súas ferramentas; compra e venda, coas medidas e aparellos de medición; a morte e a herdanza), deixando as restantes para o volume III desta sección.

Os coordinadores desta parte son Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa, que actúan colexiadamente. Tras a experiencia do volume I de léxico do ser humano (volume V do *ALGa*) optouse por unha organización diferente do proceso de elaboración, que atrasa a confección do mapa ata unha versión case definitiva; o labor fundamental en 2007 consistiu na agrupación de variantes baixo as que teñen interese léxico, na selección das variantes representadas na lenda, na agrupación das mesmas para outorgarles signos representativos e, en definitiva, na confección da lenda de cada mapa. Dito doutro xeito, quedan dadas as instrucións precisas para xerar o mapa de maneira practicamente definitiva; tamén queda avanzada a relación de notas que deben acompañar cada mapa.

Está feita unha proposta a partir dos cadernos do volume, en fase de homoxeneización e revisión; só a partir da finalización deste traballo comezará a elaboración dos mapas a partir desas lendas e suxestión de notas. Seguimos prevendo a finalización do volume para fins de 2008.

2. O léxico agrícola

Os volumes de léxico agrícola son complexos e moi dispares en canto á súa elaboración. A diferenza en canto á dificultade de elaboración non reside tanto en cuestións puramente designativas, senón sobre todo na propia complexidade dos referentes deste ámbito. Esta complexidade é especialmente importante nos mapas referidos ás accións relacionadas coa preparación da terra (que varía de forma significativa duns lugares a outros de Galicia), pero resulta extraordinaria cando se estudan os apeiros: hai apeiros que existen nuns lugares e non noutros; hai apeiros que existen en toda Galicia, pero con formas diferentes; hai identidade de denominacións para apeiros completamente distintos, etc. Isto esixe unha comprobación dos datos punto por punto, e a realización de frecuentes consultas a informantes de cada zona para aclarar cuestións non suficientemente explícitas na información que aparece nos cuestionarios.

En contra do programa previsto, no ano 2007 este volume do atlas sufriu unha importante ralentización debido sobre todo a tres motivos:

- a) O cambio de sistema informático para a elaboración dos mapas, que levou a que durante varios meses non se puidesen introducir modificacións nos mapas elaborados dunha maneira provisional.

Coordinadores
Francisco Fernández Rei

Equipo
Carme Hermida Gulías
Raquel Alonso Parada

b) A propia dificultade da elaboración dos mapas de dous apartados: o 1.1.2. (accións relacionadas coa terra) e o 1.1.3 (apeiros: carro, arado, cestos...). Isto explica que mentres se está realizando xa a terceira revisión dun número considerable de mapas, outros se está realizando xa a terceira revisión, outros aínda están na primeira fase de elaboración.

c) O cambio de formato nos tomos de léxico acabou desaconsellando mapas a media páxina, que aínda figuran nos volumes IV e V, e en consecuencia houbo que reducir o número de mapas que figuran en cada volume. Isto, xunto ás dificultades anteriores e en aras dunha congruencia temática en todos os volumes, obrigou a reformular o contido deste primeiro volume de léxico agrícola, desprazando para o segundo parte do material sobre o que se estivera traballando. O novo índice dese volume é o que figura na táboa que se acompaña.

3. O léxico do hábitat: terra, plantas e árbores

Este volume continúa o publicado como Volume IV do *ALGa*, tamén coordinado por Francisco Fernández Rei. Na parte *Terra*, revisouse toda a base de datos e confeccionáronse os mapas correspondentes (99 na listaxe provisional). Por esixencias editoriais, reducíronse de cinco a catro columnas as formas das lendas da práctica totalidade dos mapas, pasando de cinco a catro cores na batería de símbolos. Ademais, revisouse a redacción das notas de cada mapa. Na parte *Plantas* revisouse a base de datos das plantas silvestres (mapas 1-66) e comezouse a confección dos mapas correspondentes; ademais, realizouse unha segunda versión case definitiva dos mapas das froiteiras e o seu froito (mapas 120a-157 na listaxe provisoria).

Prevese que a finais da primavera do 2008 o volume estea preparado para a imprenta.

Dixitalización dos materiais do ALGa

En marzo de 2007 comezáronse os traballos de dixitalización dos materiais documentais do Atlas Lingüístico Galego. A finalidade desta acción é asegurar a conservación en soporte dixital dos materiais lingüísticos recollidos para o ALGa e tamén facilitar a súa consulta por partes dos investigadores.

Os cadernos de enquisa, o material gráfico (debuxos e fotos) e o material sonoro recollido durante os traballos de campo do ALGa realizados nos anos 1974 e 1975 mantéñense aínda no formato orixinario (cadernos de papel, fotos, fitas fonográficas, etc.).

Con esta acción preténdese garantir a conservación destes materiais mediante a súa dixitalización, informatización e almacenamento, e tamén facilitar a xestión interna da información. A esta altura xa están dixitalizados todos os cadernos de enquisa e comezouse o traballo de incorporación dos arquivos dixitais resultantes á base de datos do Atlas Lingüístico Galego, co que se arrequerará a base e se facilitarán e complementarán as consultas. No desenvolvemento deste proxecto están a adoptarse os estándares empregados nos proxectos de dixitalización e metainformación.

Coordinadores

Xulio Sousa Fernández

Equipo

Rosario Álvarez Blanco


M^a Carme Pérez González

Florentina Xoubanova Montero

Rosa Mouzo Villar

Financiamento

convenio coa Consellería de Innovación e Industria



Atlas Linguistique Roman (ALiR)

O comité galego do *ALiR* ten a súa sé no Instituto da Lingua Galega (USC) e está coordinado polo Prof. Manuel González González, que é tamén membro do comité de redacción. O outro membro do equipo é Xosé Afonso Álvarez Pérez. Non hai financiamento específico para a realización das actividades do comité.

Durante o ano 2007, o comité participou no proceso de corrección das probas do volume 2c (volume e mapas), no que aparecerán dúas sínteses románicas redactadas por Xosé Afonso Álvarez ('laverca' e 'escaravello') e na planificación -no que respecta aos

datos galegos- das actividades para os próximos anos (tres volumes dedicados a plantas, morfofonoloxía histórica e fenómenos atmosféricos). Os dous membros do comité participaron no congreso internacional organizado polo CSIC e celebrado en Madrid a fins de setembro de 2007, en que se fixo balance do traballo do último ano e se programou a actividade vindeira.

O comité galego continúa tamén co labor de coordinación da base de datos do *ALiR* que se detallou por extenso no informe de actividades do ano pasado.

Coordinador do comité galego

Manuel González González

Outros investigadores do ILG en 2006

Xosé A. Álvarez Pérez

Financiamento

o proxecto global conta con axuda da Unión Europea e do Centre National de la Recherche Scientifique. Non existe financiamento específico para o comité galego

Sección de fonética e fonoloxía

Diccionario fonético galego

O proxecto *Diccionario fonético galego* inscríbese na liña de traballo que trata de fornecer pautas para un modelo estándar da lingua galega oral. Consiste na presentación de propostas de pronuncia de máis de 45000 palabras (que corresponden ás entradas do *VOLGa*). Para iso, elaboráronse unha serie de criterios sobre cal debería ser a forma do galego estándar, tomando en consideración tanto datos lingüísticos coma sociolingüísticos.

O obxectivo do proxecto é determinar unha forma fonética para cada palabra do galego, que poida servir como modelo para empregar como forma estándar, sexa no ensino, nos medios de

comunicación, etc. Para iso empréndese unha investigación dialectolóxica para coñecer as diferentes variantes das palabras do léxico patrimonial, e asemade realízanse enquisas orientadas sobre todo a determinar as realizacións posibles dos cultismos no galego actual en falantes de formación universitaria. Atendendo aos criterios utilizados para a selección de formas estándar na lingua escrita, propónse un modelo de pronuncia.

Durante o ano 2007 rematouse a elaboración do diccionario, revisouse, ampliouse a información fonética coa inclusión das formas femininas, e dispúxose para a súa publicación.

AMPER (Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman)

O obxectivo do proxecto do *AMPER* é confeccionar un atlas multimedia que permita consultar, a través de internet, os datos acadados sobre o estudo da prosodia nas distintas linguas románicas. Durante o ano 2007 na sección *AMPER-Galicia* fixéronse gravacións en Ribadeo, O Grove, Cangas e Carballo. E leváronse a cabo as análises dos datos recollidos no Incio, Carballo e Ribadeo.

Polo que se refire á participación en cursos e congresos, Elisa Fernández Rei foi convidada a participar nun workshop sobre a transcripción da

entoación que se celebrou no seo do congreso *Phonetics and Phonology in Iberia (PaPI'07)*, Braga, xuño de 2007), onde presentou o relatorio "On the transcription of Galician Intonation". Así mesmo, Elisa Fernández Rei tamén foi convidada a participar no Curso de verán *Xeografía lingüística ibérica: traballos e métodos*, celebrado en Santiago en xullo de 2007, onde presentou a conferencia: "Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman". Finalmente, no Simposio *ILG 2007: Perspectivas sobre a oralidade*, presentouse a comunicación "O proxecto *AMPER* e a prosodia galega",

Coordinadores

Xosé L. Regueira Fernández

Equipo

Carme García Rodríguez

Carme Hermida Gulias

Antón López Dobao

Xulio Sousa Fernández

Financiamento

sen financiamento externo específico

Coordinadores

Elisa Fernández Rei

Equipo

Ana Belén Escourido Pemas

Manuel González González

Xosé Luis Regueira

Fernández

Financiamento

Proxecto I+D MEC-2005

Páxina web

[http://w3.u-grenoble3.](http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/)

[fr/dialecto/AMPER/](http://dialecto/AMPER/)

BDAMPER/index.php

da autoría de todos os membros do proxecto.

No capítulo de visitas de investigadores, recibimos a Carmen Muñiz, da Universidad de Oviedo, coa que realizamos unha reunión sobre o desenvolvemento do proxecto.

A coordinación xeral do proxecto é responsabilidade dos profesores Michel Contini e Antonio Romano do Centre de Dialectologie da Université Stendhal-Grenoble III (Francia). O comité galego está dirixido por Elisa Fernández Rei.

Descrición e estudo dos modelos entoativos no galego actual

Este proxecto está vinculado ao proxecto “La entonación en el noroeste de la península ibérica: contribución al *Atlas Multimédia prosodique de l’Espace Roman* (AMPER)”. Os investigadores participantes neste subproxecto colaboran de maneira

preferente co equipo correspondente da Universidade de Oviedo. Existe tamén unha colaboración continua cos centros integrantes do proxecto AMPER, que se concreta en diversas publicacións conxuntas.

IP
Manuel González González

Equipo
Ana Belén Escourido Pernas
Elisa Fernández Rei
Xosé L. Regueira Fernández

Financiamento
MEC HUM2005-
08282-C02-01

Sección de gramática

Gramática xeral descritiva do galego moderno

O traballo desta sección organízase arredor da gramática descritiva do galego moderno e da gramática contrastiva co portugués. O proxecto *Gramática xeral descritiva do galego moderno* está na primeira liña mencionada. O seu obxectivo é a descrición da gramática do diasistema do galego moderno (séculos XIX-XXI), atendendo ás distintas variantes xeográficas, cronolóxicas, sociais e estilísticas comprobables na actualidade. O proxecto e a configuración do equipo foron presentados en 1996, no seo do congreso que conmemorou o 25º aniversario do ILG, e publicados en R.

Álvarez et alii (2004): “Dous proxectos de gramática descritiva”, en R. Álvarez Blanco / F. Fernández Rei / A. Santamarina (ed.) (2004), II, 521-525.

O proxecto nunca interrompido de facto, aínda que neste ano non traballase nel ningún equipo de forma coordinada e planificada. Na relación bibliográfica que acompaña este volume pode comprobarse a dedicación e contribución dos distintos membros do ILG ao obxectivo final, en forma de artigos, capítulos de libro ou participacións en congresos.

IP

Rosario Álvarez

Equipo

Francisco A. Cidrás Escáneo

Ernesto X. González Seoane

Xosé Luís Regueira

Fernández

Xosé Xove Ferreiro

Financiamento

sen financiamento externo

específico

Construcións verbais e sintaxe da oración

Este proxecto ten como fundamento a descrición da sintaxe oracional do galego moderno no nivel dos constituíntes directos da oración. Na base de datos inclúese información sobre o tipo de oración, a orde dos seus constituíntes e a función sintáctica de cada membro, con algunhas características semánticas e o tipo de unidade que a manifesta. O punto de partida é o verbo, coa acepción semántica particular que presenta na oración descrita e o esquema sintáctico dos constituíntes que require. O corpus de que se parte consta inicialmente duns 100.000 rexistros seleccionados de entre o material ofrecido polo *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*.

A descrición en forma de base de datos permitirá facer un amplo estudo da oración en sentidos diferentes e complementarios. As dúas bolseiras que se viñeron encargando da descrición inicial (Soraia Domínguez Portela desde xaneiro de 2002 a xaneiro de 2004, María Pereira Maceda desde setembro de 2005) teñen en curso traballos de amplo alcance sobre os verbos de movemento e os de percepción.

Con todo, o obxectivo primeiro consiste no aproveitamento da descrición dos verbos galegos, tanto no relativo ás acepcións coma no referente ás construcións sintácticas, para a

IP

Rosario Álvarez Blanco Xosé Xove Ferreiro

Equipo

Rosario Álvarez Blanco

Francisco Cidrás Escáneo

Ernesto González Seoane

María Pereira Maceda

Xosé Luís Regueira Fernández

Xulio Sousa Fernández

Xosé Xove Ferreiro

Financiamento

Real Academia Galega

elaboración dun diccionario de verbos, comezando polos de frecuencia de uso máis elevada. Durante o ano 2007 a base incrementouse en 12.000 rexistros

máis, correspondentes a varios verbos de gran frecuencia de uso: *dicir, ser, poder, deber, estar e poñer*.

Gramática contrastiva portugués-galego

O proxecto naceu ao abeiro da Cátedra de Galego da Universidade de Lisboa en 1996, cun equipo formado por dous investigadores galegos (membros do ILG) e dúas investigadoras portuguesas, docentes na Universidade de Lisboa. O obxectivo último é a redacción dunha gramática contrastiva fundamental do galego e o portugués europeo que facilite a comprensión e adquisición dunha lingua polos falantes da outra e, asemade, describa as diferenzas entre ambas, en evitación de confusións e interferencias non desexables. Ata o presente, as contribucións publicadas atenderon a aspectos concretos, en forma de artigos e comunicacións en congresos; a última destas contribucións

saíu no prelo no ano 2006 (R. Álvarez: “A posición do pronome átono en oracións con infinitivo e xerundio en galego e portugués”).

A maior parte dos resultados de investigación están inéditos. Serven de base á docencia da materia “Lingüística contrastiva galego-portuguesa”, que pasou a ofrecerse en anos alternos na Fac. de Filoloxía; por iso, a descrición arrequéntase anual ou bianualmente, de acordo coas esixencias académicas. No curso 2006-2007 ampliouse de forma significativa a descrición do contraste do comportamento das unidades de modo e tempo, particularmente do infinitivo.

Gramática da Lingua Galega

O equipo do ILG responsable do proxecto anterior foi requirido pola Real Academia Galega para elaborar a gramática institucional. O obxectivo é redactar unha gramática descritiva do galego estándar, capaz de orientar sobre o uso e as múltiples opcións lingüísticas, e asemade sobre a corrección gramatical. Diríxese a usuarios de amplo espectro, con certo

nivel cultural pero sen coñecementos técnicos en lingüística.

Durante o ano 2007 continuaron os traballos de redacción desta *Gramática Galega*, co mesmo equipo e na liña descrita en anteriores informes. Os criterios foron expostos en “Entre o uso e a norma. O proxecto de *Gramática* da Real Academia Galega”, en R. Álvarez / H. Monteagudo

IP

Rosario Álvarez

Equipo

Xosé Xove Ferreiro

Isabel Leiria

Maria Antónia Mota

(Univ. de Lisboa)

Financiamento

sen financiamento externo específico

IP

Rosario Álvarez

Equipo

Francisco A. Cidrás Escáneo

Ernesto X. González Seoane

Xosé Luís Regueira Fernández

Xosé Xove Ferreiro

Financiamento

convenio coa Real Academia Galega

[2004]: *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o galego*. Santiago de Compostela: CCG/ILG. As eloxiosas recensións dese programa anímannos a pensar que esa é liña correcta (véxase, a modo de exemplo, a recensión de M. A. Pradilla Cardona, *Estudis Romànics* XXIX, 2007, 303-399); por iso, ademais de avanzarmos na redacción das distintas partes, nalgúns casos cumpriu reorientar anteriores redaccións para darlles unha formulación máis descritiva do uso e máis enfocada á resolución de dúbidas respecto da aceptabilidade, adecuación ou corrección

Como se di máis arriba, a *Gramática* da RAG, descritiva do galego estándar, debe informar asemade sobre a corrección lingüística e orientar o uso oral e escrito do galego máis axeitado a cada situación lingüística. Diríxese a un público amplo con certo nivel cultural, como corresponde aos usuarios de gramáticas en todas as sociedades, ao que debe informar sobre novas formas de expresión e sobre a corrección lingüística, ao tempo que explica como é e como se comporta a lingua. Por iso, cómpre tratar con frecuencia con variantes lingüísticas e non de raro pronunciarse, seleccionando ou acollendo por igual, entre as máis coñecidas. A falta de estudos previos sobre os que basear pronunciamentos delicados fai que os membros do equipo dedicasen unha grande parte

do seu tempo á realización de estudos particulares, con córpora de datos reais, do tipo “distribución e posición no sistema de *acó/acá, aló/alá*”, “uso de *a* no CD en distinto tipo de construcións verbais”, “morfloxía dialectal do diminutivo”, “distribución de *con nós* e *connosco*”, “uso de *eu/min* tras *entre*, na fala e na literatura”, “*cara a arriba* ou *cara arriba*”, “condicións de uso de *grande* ante substantivo”, “estatus de *elo*”, etc.

O equipo participa no desenvolvemento dunha base de datos que contén a descrición semántica e sintáctica dos verbos galegos máis frecuentes, que foi arrequeada en 2007 coa análise do corpus de novos verbos (*vid. supra*). Con independencia do resultado final e da súa presentación, que serán obxecto dun proxecto específico distinto do actual, esta base de datos proporciona xa aos investigadores unha fonte de información moi valiosa sobre diferentes aspectos da sintaxe oracional, como o estudo de constituíntes particulares, a súa orde, combinatoria e características formais. A medida que estoutro proxecto vai dando novos resultados, incorpóranse á redacción da gramática enriquecendo as partes correspondentes.


Sección de historia da lingua e gramática histórica

XELMÍREZ. Corpus lingüístico da Galicia medieval

Baixo esta denominación xeral agrúpanse varios proxectos complementarios que o equipo de traballo vén realizando no eido da lingüística de corpus desde o ano 1992. Teñen en común acoller nas súas bases textos da Galicia medieval e diferéncianse pola lingua que

representan (galego, latín, castelán).

É unha das pólas do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, no que tamén se integran outros subproxectos representativos da produción escrita portuguesa medieval:



1. TMILG. Tesouro Medieval

É, dentro do *Xelmírez*, a liña máis avanzada e de maior proxección externa. Trátase do subcorpus das obras e coleccións documentais redactadas en romance galego na Galicia medieval. A base do *TMILG* contén a totalidade das obras non notariais publicadas da Galicia medieval (*literarias, históricas, relixiosas, xurídicas e técnicas*). Das obras notariais xa está incluída unha boa parte das publicadas (aproximadamente o 95%) e están moi avanzados os traballos para a carga das restantes. Así mesmo están informatizadas ou en proceso de informatización boa parte das coleccións documentais aínda inéditas recollidas en traballos académicos de

distinto teor (teses de doutoramento, teses de licenciatura, TITs, etc.). En número, os documentos colectados son máis de 15.000. O arco cronolóxico vai do século XIII a mediados do XVI (con rexistros romances desde o VIII).

Está accesible en rede unha versión sen lematizar e sen marcare onomástica. Para os seus traballos o grupo de investigación dispón xa dunha versión dos textos na que está rematada a marcare onomástica e segue o seu curso o proceso de lematización.

Mantén relacións con outros proxectos propios do ILG e con proxectos doutras universidades. Da súa parte o equipo do *TMILG*, xuntamente co do *TILG* e os dos dicionarios de dicionarios (moderno

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Alexandra Cabana Outeiro
Rocío Dourado Fernández
Ricardo Gutiérrez Pichel
Ramón Lorenzo Vázquez
Paulo Martínez Lema Iria
Pérez Mariño
Alexandre Rodríguez Guerra
Iago Santiso Fernández

Financiamento

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística / Ministerio de Educación y Ciencia (HUM2006-11125-C02-02/FILO).

Páxina web e contacto

<http://ilg.usc.es/tmilg/>
tmilg@usc.es
ISSN: 1888-4261

e medieval), mantén relación estable co equipo do Seminario de Lingüística Informática Universidade de Vigo. O obxectivo primeiro é a construción dunha plataforma de recursos informatizados para a investigación da lingua galega. Este proxecto, chamado *RILG*, conta co amparo do Ministerio de Educación e Tecnoloxía, que o está a financiar por un período de catro anos (2006-2009).

Os traballos desenvolvidos durante o ano 2007 foron continuación e implementación das liñas de traballo iniciadas nos exercicios anteriores. Por unha banda, avanzouse notablemente na corrección e marcaxe daquelas obras da nosa base textual que, por motivos diversos, foran quedando pendentes; pola outra, foise arrequeitando a devandita base cunha importante cantidade de textos novos, a maioría deles de recente aparición no panorama editorial galego e cuxa relevancia radica basicamente en dous puntos: ou ben corrixen certas grallas perceptibles en edicións anteriores deses mesmos textos, ou ben veñen encher ocos (cronolóxicos, xeográficos e/ou xenéricos) do noso corpus. Ademais, ao longo de 2007 sometéronse a revisión e corrección un total de 57 novas obras, varias das cales estarán moi axiña á disposición do usuario en Internet. Para o ano 2008 prevemos a definitiva posta en marcha dos traballos de introdución da rica produción medieval portuguesa, que só parcialmente puido acometerse neste exercicio debido aos

esforzos que esixiu tanto a preparación das coleccións documentais galegas como a posta en rede da nova versión do TMILG (<http://ilg.usc.es/tmilg/>), xa dispoñible desde novembro do presente ano. Comezaremos, pois, pola documentación portuguesa máis antiga, ou sexa, a producida entre os séculos XII e XIII, para logo ir incluíndo, en anos sucesivos, a dos séculos XIV e XV.

Ao longo do ano 2007, tal e como indicamos no punto anterior, os membros do equipo someteron a unha coidadosa revisión e corrección ata un total de 57 obras, bastante desiguais no seu volume textual e tamén en ocasións na súa glotoloxía, pois cada vez vanse introducindo máis textos en castelán pertencentes sobre todo a coleccións documentais do século XV. Todo isto supuxo un esforzo considerable que levou o corpus a un estado moi avanzado de desenvolvemento.

No presente exercicio acometéronse tamén distintas actividades orientadas a refinar e mellorar o procesamento dos textos. Entre elas salienta a construción dunha nova codificación (DTD) na que se recolle toda a información pertinente non só de cada documento en particular, senón tamén do conxunto da obra ou volume no que figura. Os items informativos contemplados no encabezamento de cada texto son basicamente os mesmos cos que se viña traballando ata o de agora (autoría, cronoloxía, glotoloxía, xeografía, transmisión textual, tipoloxía documental e referenciación na obra),

pero moito máis matizados e detallados. Incorporouse ademais información de tipo arquivístico e codicolóxico, moitas veces accesible a través das propias edicións dos textos. Na actualidade esta nova DTD atópase en fase moi avanzada, e en breve comezará a aplicarse a algunhas das coleccións documentais xa revisadas e corrixiadas, para deste xeito comprobar a súa validez no procesamento dos textos medievais.

Abordouse tamén a planificación e codificación das tarefas relacionadas coa lematización do corpus. O etiquetario gramatical estruturouse conforme a parámetros fundamentalmente morfolóxicos e, a partir deles, fóronse implementando os distintos valores lingüísticos de cada categoría gramatical: adxectivo, substantivo (común e propio), pronome (tónico, átono [clítico], posesivo, artigo, demostrativo, de identidade, cantidade, existencial, relativo...), adverbio (afirmación, cantidade, dúbida, lugar modo, aspecto...), verbo, conxunción (coordinante, subordinante), preposición, interxección, unidades marxinais. Algúns dos parámetros morfolóxicos codificados para cada categoría son os seguintes: número ('1' singular, '2' plural, 'w' singular/plural), xénero ('1' masculino, '2' feminino, '3' neutro, '4' humano [masc./fem.], 'w' masculino/feminino), persoa ('1' primeira, '2' segunda, '3' terceira, '5' terceira por segunda, 'w' 1^a/2^a/3^a ou 2^a/3^a), modo ('1' indicativo, '2' subxuntivo, '3' imperativo, '4' infinitivo, '5' xerundio,

'6' participio), tempo ('1' presente, '2' pretérito, '3' futuro, '4' copretérito, '5' antepretérito, '6' pospretérito), estrutura (no verbo: '_d' derivado, '_li' locutivo infinitivo, 'lx' locutivo xerundio, 'lpc' locutivo participio concertado, 'lvpnn' locutivo participio non concertado en número...). Finalizada a codificación do etiquetario gramatical, comezamos a aplicala, en coordinación co *Diccionario de Dictionarios Medievais*, á base textual para a confección do leuario medieval.

2. TMILL. Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina (Galicia)

Os traballos de preparación dos textos de coleccións documentais plurilingües foi achegando ao *Xelmírez* un importante número de documentos -e obras- labrados en latín. Na actualidade a cifra ronda os 5.000, o que fai do TMILL un corpus bastante representativo do latín medieval galaico. Dada a existencia desde hai moitos anos do CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*) e a posibilidade de consultalo *on line*, non é previsible a posta en rede do TMILL. Mais as facilidades que reporta contar con tantos documentos latinos homologados na súa etiquetación aos do TMILG fan imprescindible continuar arrequentando as súas bases textuais. Sen eles non sería posible avanzar, como se está a facer, nos traballos propios de carácter onomástico (nestes momentos

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Xosé Luís Couceiro Pérez

Rocío Dourado

Fernández

Ricardo Gutiérrez Pichel

Paulo Martínez Lema

Iria Pérez Mariño

Iago Santiso Fernández

Financiamento

Convenio coa Secretaría

Xeral de Política

Lingüística

só toponímico) e de sociolingüística histórica (emerxencia do romance fronte ao latín e posterior decadencia do galego fronte ao castelán).

3. TMILC. Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá (Galicia)

A presenza de documentos labrados en castelán entre a documentación procesada estase aproveitando para ir construíndo no ILG un corpus do castelán de Galicia que sexa abranxente de toda a historia. Na actualidade son 2.500 os documentos preparados. No futuro ampliarase o arco cronolóxico, comezando pola Idade Moderna, na procura dun subcorpus en castelán que vai permitir encher algunhas lagoas -sobre todo léxicas e onomásticas, pero tamén fonéticas e morfosintácticas- ás que condena a precariedade do galego escrito no período medio da nosa historia. Está previsto que nese momento o TMILC pase a chamarse CHCG (*Corpus Histórico do Castelán de Galicia*).

4. TMILP. Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Portuguesa (Dom Dinís)

Xa nos inicios, a comezos dos anos 90, estableceuse o obxectivo de construír un corpus que comprendese textos ao norte e ao sur do río Miño e da franxa occidental de Asturias, León e Zamora.

En diferentes momentos, como resposta a necesidades concretas dos traballos do equipo na altura, fóronse informatizando e etiquetando obras do Portugal medieval de tipoloxía variada. Na actualidade son máis de 100 as obras que, en diferente fase de preparación, están ao dispor do equipo. Algunhas das máis significativas son: *Livros de Linhagens*, *Tempos dos preitos*, *Livro dos bens de dom João de Portel*, *Crónica Geral de 1344*, *Livro de Joseph de Arimateia*, *Arte de bem cavalgar toda sela*, *Demanda do Santo Graal*, *Foros de Castelo Rodrigo*, *Foro Real*, *Primeira Partida*, *Livro das aves*, *Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*, *Documentos de Clarinda Maia*, *Documentos de Ana Maria Martins*, etc.

A codificación empregada é a mesma do *TMILG* e a súa posta en rede está prevista a medio prazo. Acábase de abrir unha colaboración co equipo dos Profesores João Malaca Casteleiro (Academia das Ciéncias de Lisboa) e Maria Francisca Xavier (Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa), que dará lugar ao desexable -e esperado- corpus medieval conxunto galego-portugués. A colaboración ampliarase no futuro á elaboración do *Dicionario medieval galego-portugués*, botado xa andar polo equipo lisboeta co seu *Dicionário do Português Medieval* e que deberá ser redefinido no futuro para axeitalo ao novo horizonte.

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Raquel Alonso Parada
Rocío Fernández
Ricardo Gutiérrez Pichel
Ramón Mariño Paz
Paulo Martínez Lema
Iria Pérez Mariño
Iago Fernández

Financiamento

convenio coa Secretaría
xeral de Política
Lingüística

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Rocío Dourado Fernández
Ricardo Gutiérrez Pichel
Paulo Martínez Lema
Eduardo Moscoso Mato
Iria Pérez Mariño
Iago Santiso Fernández

Financiamento

convenio coa Secretaría
Xeral de Política
Lingüística

Gramática histórica da lingua galega

A realización desta obra fundamental para a filoloxía galega foi o que motivou a construción dun corpus da Galicia medieval. A concentración de esforzos nos traballos do *Xelmírez*, e non a mingua de interese para os investigadores, foi o que provocou que durante bastantes anos quedase relegada a un segundo plano.

A *Gramática Histórica* ten abertos na actualidade os traballos de tres dos seus catro volumes (*I: Fonética e fonoloxía; II: Morfoloxía; III: Sintaxe; IV: Léxico*). No eido da fonética fóronse publicando diferentes traballos, entre os que destacan os realizados por Ramón Mariño, que é o responsable da coordinación do primeiro volume. No terreo da morfoloxía fixéronse moitos traballos, algúns como publicacións e outros como traballos académicos

(TADs, TITs, memorias de licenciatura e teses de doutoramento); o coordinador do volume é Xavier Varela. Para o tomo da sintaxe elaborouse unha base de datos (*AOGM*) na que se vén realizando desde os anos 90 análise oracional; o número de oracións analizadas ascende a 40.000. Unha parte importante delas foi feita por Amparo Cereixo, que trata na súa tese de doutoramento a función de Complemento Indirecto en galego medieval; son súas todas as fichas introducidas recentemente. Pola súa banda, Alexandre Rodríguez, coordinador do volume de sintaxe, ten varias publicacións recentes que consisten en achegas parciais en dominios inexplorados da sintaxe medieval e ten redactado un primeiro borrador da historia da oración simple.

Dialectoloxía medieval galego-portuguesa

Como xa se indicou na memoria anterior, este proxecto está aínda en fase de maduración, o que non obsta para que se sigan dando pasos á espera do momento oportuno para o lanzamento definitivo. O grande volume de textos do *TMILG* e do *TMILP* e a cobertura documental de practicamente todo o territorio cunha rede textual moi mesta para cada século medieval supoñen nunha boa situación para abordar por primeira

vez o estudo sistemático da variación dialectal na lingua escrita do occidente peninsular. Isto esixe reflexionar sobre a maneira de enfocar a metodoloxía de traballo, sobre a intervención que haberá que facer sobre os cörpera e sobre os cambios na DTD e nos cabezallos dos textos.

Mantivéronse reunións para establecer unha batería de fenómenos dialectais que figuren nos textos e que permitan empezar a balizar no territorio do

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Amparo Cereixo Silva
Ramón Mariño Paz
Alexandre Rodríguez Guerra

Financiamento

sen financiamento externo específico

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Rocío Dourado Fernández
Francisco Fernández Rei
Ricardo Gutiérrez Pichel
Carme Hermida Gulías
Paulo Martínez Lema
Iria Pérez Mariño
Iago Santiso Fernández

Financiamento

sen financiamento externo específico

Occidente medieval as grandes zonas por diferenciación entre si e por homoxeneidade e unidade lingüística interna. A magnífica referencia da clasificación de Fernández Rei (1990) para o galego actual permite establecer desde o principio un diálogo permanente entre a situación medieval e a actual e ao final posibilitará a realización dunha Dialectoloxía Histórica da Lingua Galega. Acordouse incorporar á DTD unha nova etiqueta na que se indicará, cando for posible, o valor

dialectal que lle atribúe Fernández Rei na actualidade ao lugar representado polo documento. Ata o momento só se realizou na documentación de Clarinda Maia correspondente a Galicia, mais a partir de agora aplicarase ás novas coleccións coas que se vaian arrequentando os cörpera e aplicarase no futuro nas próximas revisións que se fagan das obras e coleccións xa procesadas. Haberá que establecer tamén unha referencia clasificatoria para o portugués actual.

Historia da scripta da Galicia medieval

O proxecto de estudo da historia da *scripta* galega medieval é unha derivación inmediata das edicións paleográficas que se están a preparar no ILG.

Durante o ano 2006 ideouse e creouse unha base de datos para o asentamento e posterior aproveitamento dos datos gráficos. Na actualidade están introducidos nela e codificados os materiais íntegros do *Cancioneiro da Ajuda*. Dela xa se tiraron datos para traballos de investigación nesta liña escriptolóxica, un de tipo xeral sobre as grafías do *Cancioneiro* (Alexandre Rodríguez e Xavier Varela) e outro sobre a alternancia <i> / <y> nos ditongos decrecentes (Mariña Arbor e Xavier Varela, no volume de homenaxe a Antón Santamarina).

Os tests aos que se someteu a base de datos amosan a súa validez



como instrumento para continuar traballando con novas obras. Ademais do *Cancioneiro da Ajuda*, están preparados nestes momentos os catro códices das Cantigas de Santa María e o *Tratado de Albeitaría* (este como resultado dos traballos do curso de doutoramento *Gramática histórica galega. Cuestións de fonética e morfosintaxe* do curso 2005-2006).

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Fabio Angelli
Mariña Arbor Aldea María
Xosé Carrera Boente
Ricardo Gutiérrez Pichel
Ramón Mariño Paz
Alexandre Rodríguez Guerra
Raquel Rodríguez Parada

Financiamento

sen financiamento externo específico

Estudo lingüístico e paleográfico do Cancioneiro da Ajuda

O equipo responsable constituíuse no ILG en 2006, coordinado por Xavier Varela, para realizar, nun prazo de tres anos, o estudo lingüístico e paleográfico do único cancionero colectivo conservado do noso período trobadoresco, o *Cancioneiro da Ajuda*.

A pouca atención prestada ao estudo sistemático da lingua dos cancioneros contrasta co grande desenvolvemento doutros enfoques, nomeadamente o literario e o histórico. Con este proxecto preténdese dar un primeiro paso no intento de equilibrar os resultados dunha e doutra abordaxe. Neste sentido o *Cancioneiro da Ajuda* é unha referencia inexcusable, pois é o primeiro dos cancioneros, o único contemporáneo ao mundo trobadoresco e a obra que mellor representa o primeiro latexar da escrita literaria hispánica occidental. O plan xeral das actividades comprende: (a) construción do *Arquivo de Recursos do Cancioneiro da Ajuda* (ARCA); fixación

do texto (versións paleográfica, pospaleográfica, preinterpretativa e interpretativa), a partir da edición paleográfica propia, realizada por Mariña Arbor; construción do corpus informatizado (fabricación dun modelo informático de xestión textual por estratos relacionables; elaboración da DTD e aplicación a tres das versións do texto; elaboración dos criterios de lematización e etiquetación e posterior aplicación ao texto da versión interpretativa) e estudos especializados (paleográfico, gráfico, fonético, morfolóxico, léxico, onomástico, sintáctico e da variación dialectal).

Durante o ano 2007 concluíronse os traballos para o estudo gráfico, dos que derivaron un amplo estudo de Alexandre Rodríguez e Xavier Varela (“As grafías no Cancioneiro da Ajuda”) e o *Dicionario das grafías do Cancioneiro da Ajuda*, dos memos autores

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Mariña Arbor Aldea
Mercedes Brea López
María Xosé Carrera Boente
Alexandre Rodríguez Guerra
Raquel Rodríguez Parada

Financiamento

PGIDIT06XIB240159PR

Sección de edición de textos

Edición de coleccións diplomáticas dos mosteiros galegos

Durante o ano 2007 o proxecto avanzou en dúas liñas fundamentais: na transcripción e edición dos documentos galegos da colección diplomática do mosteiro de Santa María de Oia, completando o traballo descrito na memoria de 2006, e na preparación definitiva da colección de documentos do mosteiro de Montederramo para a súa publicación.



No traballo de edición dos fondos documentais do mosteiro de Oia (Pontevedra) durante este ano desenvolvéronse catro labores de forma paralela: a) primeira lectura e transcripción das fontes (33 documentos novos lidos en 2007); b) relectura de corrección para cotexar datos e estilos dos diversos notarios e completar lecturas dubidasas (82 documentos durante o 2007). Esta relectura non

é lineal, consiste nunha continua revisión dos documentos xa transcritos utilizando os datos que van xurdindo ao transcribir os novos; c) edición das imaxes dos documentos dixitalizados (205 imaxes tratadas); d) baleirado dos datos relevantes de cada documento nunha base de datos; e) ademais proseguíuse coa localización dos documentos xa editados coa finalidade de cotexar as lecturas propias e evitar as lagoas producidas por documentos perdidos, fotocopias mal clasificadas, etc. Tamén se traballou na localización dos documentos orixinais co propósito de completar a colección e usáronse microfilmes para depurar as lecturas. O volume da documentación deste mosteiro, que ascende a uns 1288 documentos, é moi grande e o estado de conservación é moi deficiente; isto fai urxente este traballo de edición, pero asemade provoca un ritmo de lectura moi lento para poder establecer dun modo seguro o texto da mesma. Quedan aínda uns 325 documentos por editar, dos cales 240 están aínda por transcribir e o resto por reler.

Canto a edición da documentación do mosteiro de Montederramo, debido ao seu enorme volume (1875 documentos), a revisión final resultou máis complexa do esperado. De todos modos esperamos poder entregalos para a publicación na data prevista ou ben nos inicios do ano 2008.

IP
Ramón Lorenzo
Vázquez

Equipo
M^{ra} Carme Pérez
González

Financiamento
convenio coa Secretaría
Xeral de Política
Lingüística

Transcripción de obras medievais

A realización de estudos paleográficos, grafemáticos e fonéticos fan imprescindible dispoñer de lecturas paleográficas, e de feito a súa inexistencia imposibilitou no pasado o desenvolvemento destas liñas de investigación. Con este proxecto preténdese realizar a transcripción paleográfica dos nosos monumentos lingüísticos medievais. Nunha primeira fase está previsto abordar as obras literarias, históricas, técnicas, relixiosas e xurídicas, pois as obras e coleccións de carácter notarial serán atendidas posteriormente. Cada obra conta cun arquivo propio, no que se reúnen imaxes dixitalizadas dos manuscritos e a súa transcripción paleográfica; sobre

esta base elaboraranse, cando sexa necesario, edicións interpretativas a partir das cales se poderán facer outros estudos lingüísticos.

Neste eido estamos a someter a revisión a transcripción dos catro códigos das *Cantigas de Santa María*, finalizada en 2006, ao tempo que avanzamos na preparación de novas lecturas paleográficas do *Tratado de Albeitaría*, da *Historia Troiana*, da *General Estoria* e dos *Miragres de Santiago*. Elvira Fidalgo e Xavier Varela teñen no prelo unha nova edición da *Cantiga de Valcavado* (volume de homenaxe a Xosé Luís Couceiro).

Proxecto Martín Sarmiento

O proxecto *Martín Sarmiento. Obras completas* pretende a recuperación e edición da obra escrita de Sarmiento, coa intervención dun equipo interdisciplinario de especialistas. A tarefa comprende a dixitalización, transcripción e estudo, ademais da elaboración dun rexistro exhaustivo de fondos manuscritos. O Instituto da Lingua Galega colabora neste inxente proxecto e pon á súa disposición, amais das instalacións, todo o material de apoio, dicionarios, enciclopedias, libros de consulta, etc., que contribúen a que este traballo vexa a luz.

Ao longo deste ano, a tarefa centrouse na edición dos cinco tomos que configuran a *Obra de 660 pliegos*, elaborada entre 1762 e 1766. Este é un dos títulos máis significativos do autor, posto que constitúe unha especie de compendio do conxunto do seu labor. De acordo coa dimensión ilustrada e enciclopedista que alcanzan os escritos de Sarmiento, na *Obra de 660 pliegos* son variados e numerosos os asuntos que se tratan ao longo das súas páxinas. Así, a pesar do predominio dos contidos de historia natural, a prosa erudita do autor abrangue unha

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Ramón Mariño Paz
Ricardo Gutiérrez Pichel
Paulo Martínez Lema
Raquel Rodríguez Parada
Mariña Arbor Aldea
Fabio Angelli
María Xosé Carrera
Boente
Elvira Fidalgo Francisco

Financiamento

sen financiamento externo específico

IP

Henrique Monteagudo Romero

Equipo

Serafín Alonso Pintos
Antón Lado Lago
Raquel López Rodríguez
Xosé Antón López Silva
Miguel Mosquera Fociños
Concepción Varela Orol
Silvia Viso Pérez


Financiamento

Consello da Cultura Galega / Dirección Xeral I+D+i

Proxecto en cooperación

Publicación da *Obra de 660 pliegos* ao abeiro do Convenio asinado polo CCG co Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

galería heteroxénea de apuntamentos que van desde a economía á educación pasando pola agricultura ou as orixes da poesía, cun enfoque que vai moito máis alá do descritivo para se dotar dunha vocación de contribución ao progreso e ao desenvolvemento.



Concluíuse o fotografado das láminas que se insiren nos volumes, procedentes da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela. Esta selección de material gráfico levouse a cabo a teor da súa relación con temas

abordados na obra e do material citado polo propio Sarmiento no transcurso desta. Os tomos XIII, XIV e XVI están en proceso de impresión. Os tomos XV e XVII (cuxa transcripción xa está rematada), ao igual que o volume de estudo, notas e índices da devandita *Obra*, verán a luz no ano 2008.

Durante o 2007 tamén se levou a cabo a preparación, para a súa próxima publicación, de parte da correspondencia mantida por Sarmiento con amigos que se dirixían a el para pedirle consellos sobre un amplísimo abano de temas. Estas cartas, que resultan dun enorme interese e complementan a inxente sabedoría que contén a obra do autor, resultan de gran relevancia para calquera estudoso ou interesado no legado do bieito.

Por último, o ano rematou co deseño e elaboración da páxina web que facilitará o acceso á obra de Sarmiento aos estudosos e ao gran público curioso en xeral. A magnitude e complexidade do corpus textual do autor converten a internet no soporte idóneo para a súa difusión. Esta páxina web estará dispoñible, segundo previsións, no mes de febreiro de 2008.

Sección de sociolingüística

Sociolingüística galega

O proxecto *Sociolingüística Galega* nace coa intención de estudar a relación entre a lingua e a sociedade galegas dende dous enfoques diferenciados dos que se ocuparán un equipo de traballo formado nesta disciplina..

Unha das liñas de investigación que vai centrar boa parte dos esforzos é a *Sociolingüística da linguaxe* preocupada polo corpus, especialmente por aspectos centrais como a codificación ou a elaboración terminolóxica e estilística. Unha das áreas prioritarias de traballo é a reconstrución e análise do proceso de normalización do corpus do galego, con especial atención á codificación normativa e aos debates a que esta deu lugar.

O outro ámbito de estudo que se inclúe no proxecto é a *Socioloxía da linguaxe*, en concreto a análise das ideoloxías lingüísticas nunha situación de contacto / conflito como a galega e tamén outros aspectos relacionados como a glotopolítica ou a análise do discurso.

Coa intención de que as persoas interesadas nestas temáticas teñan acceso ao material que se vaia elaborando, así como a enlaces e outros documentos que se estimen útiles habilitarase un enlace dentro da páxina web do Instituto da Lingua Galega.

O compromiso é poñer en funcionamento este proxecto a través dun equipo de traballo centrado no estudo dos aspectos expostos. O interese do mesmo é indubidable pois pretende achegarse dende unha disciplina moi reflexiva como a sociolingüística a calas concretas que mostren a realidade social e lingüística do galego dende diversos enfoques. A realización dun traballo continuado no marco dun proxecto común debe dar lugar a estudos relevantes que sexan de interese para distintos estudosos, pero tamén para o público interesado en xeral.

IP

Xosé Henrique
Monteagudo Romero

Equipo

Serafín Alonso Pintos
Beatriz García Turnes
Bernardo Maiz Bar
Paulo Sánchez Vidal
María Dolores
Villanueva Gesteira

Financiamento

sen financiamento
externo específico

Sección de lexicografía

Diccionario de diccionarios do galego medieval

A principios de 2007, aínda que con data de 2006, viu a luz a primeira edición de *Diccionario de diccionarios do galego medieval*, do que damos noticia no capítulo de publicacións desta mesma memoria.

Ao longo de 2007 o equipo encargado de desenvolver este proxecto proseguíu coa preparación da segunda versión do *DDGM*. Concretamente no período de referencia acometéronse os traballos de marcaxe e etiquetado dos textos que se prevé incorporar nesta segunda edición e revisáronse os textos incluídos na primeira con vistas a acomodalos á estrutura, levemente diferente, que terá a aplicación de diccionario da segunda edición. Esta revisión afecta tanto á unificación de determinados aspectos formais dos textos, como á súa adaptación a unha nova DTD que entendemos necesaria para mellorar as posibilidades de busca que ofrece o diccionario. Así, na actualidade o equipo está a traballar intensamente

na elaboración dun lemario unificado para todos os textos compilados, tanto na primeira como na segunda edición. Para ese obxectivo deseñouse unha base de datos que permite vincular entre si as variantes formais existentes entre os máis de 25.000 lemas diferentes que ten a obra na actualidade. Deste xeito, na segunda edición sería posible consultar a obra, ademais de a través dos lemarios orixinais das obras incluídas, tamén a partir dun lemario ‘canónico’ do galego medieval e dun lemario do galego moderno. O traballo que estamos a realizar na actualidade para o *DDGM* constitúe tamén unha contribución ao proceso de lematización do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, que está a desenvolver outro equipo do ILG, así como ao desenvolvemento da plataforma *RILG* que permitirá nun futuro próximo a consulta combinada e en liña dos dous cörpera do ILG (*TILG* e *TMILG*) e dos diccionarios de diccionarios medieval e moderno.

IP

Ernesto X. González Seoane

Equipo

María Álvarez de la Granja
Ana I. Boullón Agrelo
Fernando Groba Bouza
Ramón Lorenzo Vázquez
Raquel Rodríguez Parada
María Rodríguez Suárez
Damián Suárez Vázquez

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Diccionario de diccionarios: xergas

Este proxecto está vinculado ao *Diccionario de diccionarios* e supón a elaboración dun multidiccionario electrónico que permita consultar de xeito áxil os distintos glosarios e vocabularios de xergas galegas. As obras incorporadas deica agora son monografías ou apéndices de artigos,

ademais dalgún traballo inédito; no ano 2007 incorporouse algunha obra nova. A maior parte destas obras están xa etiquetadas e revisadas. Os textos incorporados ao diccionario son:

1. 1810 José Arias Teixeira, *Verba dos arginas*, ed. de J M Álvarez Blázquez, MP 15 1961 83-85

IP

Antón Santamarina Fernández

Financiamento

sen financiamento externo específico

2. 1956 Alfredo García Alén (ed.) Ms. de José Casal y Lois e Enrique López de la Vallina 1896
3. 1921 J. Ballesteros *Verbo dos arginas o latín de los canteros*
4. 1956 Bouza Brey, "Cesteiros de Mondariz", *Hom. Krüger*, as voces de Peinador son de Nós 1922
5. 1934c Castelao, *Barallete* c1934
6. 1937 Aníbal Otero, *Verba dos canteiros*
7. 1965 Giménez, *Afiadores*
8. 1965 Giménez, *Albaneis*
9. 1965 Giménez, *Canteiros*
10. 1965 Giménez, *Telleiros*
11. 1965 D. Álvarez Álvarez, *Jergas de Galicia*
12. 1968 X Ramón Fernández Oxea, *Barallete*
13. 1975 M^a Pérez Sánchez, *La jerga de los canteros*
14. 1976 Pérez Cid, *Canteiros*
15. 1993 Trigo, *O verbo dos arginas*
16. 1995 Praxiteles González Martínez, *Embajadores del infierno, Historia y lenguaje de los cabaqueiros*
17. 1996 Trigo, *Embajadores del infierno, Historia y lenguaje de los cabaqueiros*
18. 2001 Trigo, *Zanqueando cos cabaqueiros*

Dicionario de dicionarios da lingua galega

No ano 2007 continuose co traballo de incorporación para a próxima versión do *Dicionario de dicionarios*. Están xa etiquetados e listos para seren incorporados varios volumes da *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género de erudición* de Martín

Sarmiento. Neste momento estase a traballar no etiquetado doutras obras que serán editadas no proxecto Sarmiento e tamén se está a preparar o texto do *Diccionario del Dialecto Gallego* de Luís Aguirre del Río (edición de Carme Hermida Gulías).

TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) e Dicionario da lingua galega (base de datos lexicográfica)

No ano 2007 o equipo do proxecto *Dicionario da Lingua Galega (base de datos lexicográfica)* preparou os novos arquivos, que exceden o millón de palabras, e ameceunos á base de datos do *Tesouro* existente no ILG; alí están ao dispor dos investigadores. O arquivo con toda esta nova documentación

non foi incorporado ao *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)* consultable a través de Internet, porque o elevado custo deste servizo, contratado cunha empresa, aconsella non facer modificacións anuais.

Tocante á transferencia dos vellos ficheiros para o sistema da rede

IP
Antón Santamarina
Fernández

Equipo
María Rodríguez Suárez
Xandra Santos Palmou
Inma Seage Freire

Financiamento
convenio coa Secretaría
Xeral de Política
Lingüística

IP
Antón Santamarina
Fernández

Equipo
M^a Belén López Gómez
Lorena López López
María Rodríguez Suárez
María Vitorro Piñeiro
Inma Seage Freire

Financiamento
convenio coa Secretaría
Xeral de Política
Lingüística

Páxina web
[http://www4.usc.es/
TILG/](http://www4.usc.es/TILG/)

Recursos informatizados da lingua galega (RILG), en XML, está feito o programa de conversión para os rexistros que están lematizados; está en fase de proba e funciona correctamente, pero aínda non se fixo a transferencia ao novo sistema. Para os rexistros que non están lematizados (unhas catro

ducias de palabras gramaticais), está feita a parte que corresponde ao equipo do ILG (as regras de desambiguación); falta que o equipo do Seminario de Lingüística Informática (SIL, UVigo) remate de convertelo nun programa e facer as probas correspondentes.

Recursos integrados para o desenvolvemento de tecnoloxías da lingua galega: desenvolvemento e integración dos recursos de enxeñería lingüística do Instituto da Lingua Galega (RILG)

Os obxectivos deste proxecto céntranse na integración interuniversitaria de recursos lingüísticos computacionais, primordialmente do ámbito da lingüística de corpus, mais tamén no da lexicografía e terminoloxía computacional e baseada en corpóra. O resultado final será un portal en Internet no que se integren os distintos recursos dos dous equipos de investigación: o do Instituto da Lingua Galega (USC) e o do Seminario de Lingüística Informática (UVigo).

En case todos os centros de investigación nos que se fai lingüística computacional, e máis especificamente de corpus, séntese a necesidade apremiante de superar o nivel dos corpóra fragmentarios e individuais. Dá fe diso o feito de que na *3^e Rencontre Fribourgeoise de la Linguistique sur Corpus Appliquée aux Langues Romanes*, celebrada na Universidade Albert-Ludwig de Fribourg en setembro de 2006, estivese previsto un importante foro de discusión e de

concepción que tivo como tema “Vers un corpus international et équilibré de la langue française”. A integración de corpóra textuais e de obras lexicográficas no eixo cronolóxico, xeográfico e estilístico, xerados en diversos equipos e proxectos, é unha liña prioritaria de investigación para moitas linguas e constitúe o centro de interese primordial dos equipos e persoas que realizan este proxecto. Da parte do Instituto da Lingua Galega é unha constante que vén de vello e que deu como froito a construción dos corpóra da historia íntegra da lingua galega (TMILG, TILG e AGO) e dos correspondentes dicionarios de dicionarios (DDGMe e DDGMo). O Instituto da Lingua Galega achega á plataforma do RILG os seguintes recursos:

TMILG: *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (<http://ilg.usc.es/tmilg/>). Contén a totalidade das obras non notariais

IP

Antón Santamarina
Fernández

Equipo

María Álvarez de la Granja
Francisco Fernández Rei
Ernesto Xosé González Seoane
Carme Hermida Gulías
Ramón Mariño Paz
Eduardo Miguel Moscoso Mato
Xavier Varela Barreiro

Financiamento

Ministerio de Educación e Ciencia, Plan Nacional (HUM2006-11125-C02-02) (proxecto coordinado co seu homólogo do equipo dirixido por Xavier Gómez Guinovart no Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo)

Páxinas web

<http://ilg.usc.es/tmilg/>
<http://www4.usc.es/TILG/>
<http://www.consellodacultura.org/archivos/asg/anofala.php>

publicadas da Galicia medieval (literarias, históricas, relixiosas, xurídicas e técnicas). Das obras notariais xa está incluída unha boa parte das publicadas. Está pendente de lematización e sobrepasa na actualidade os 15 millóns de palabras.

TILG: *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (<http://www.ti.usc.es/TILG/>). Contén a case totalidade das obras en galego escritas entre 1612 e 1980, e unha porcentaxe moi importante das posteriores a 1980. Sobrepasa os 20 millóns de palabras, das que na actualidade están lematizadas e etiquetadas morfosintacticamente 12 millóns. Está en curso actualmente a codificación do material pendente.

AGO: *Arquivo do Galego Oral* (<http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>). É un corpus do galego oral de interese multidisciplinar co que se pretende estudar a situación da lingua oral, particularmente as variedades sociais e xeracionais, e á vez contribuír a un mellor coñecemento da sociedade galega a través moi diversas mostras do patrimonio oral.

DDGMo: Dicionario de Dicionarios do galego moderno. Contén 345.742 entradas acumulativas, equivalentes a 136.164 lemas diferentes. Está editado en CD-ROM (3ª ed., 2003)

pola Fundación Barrié de la Maza.

DDGMe: Dicionario de Dicionarios do galego medieval. Contén 13 obras lexicográficas, ás que lles corresponden 53.564 lemas. Está editado en CD-ROM (2006) pola Universidade de Santiago de Compostela (anexo 57 de *Verba*).

O Seminario de Lingüística Informática da UVigo achega os seguintes recursos:

CLUVI: *Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (<http://sli.uvigo.es/CLUVI/>).

CTG: *Corpus Técnico do Galego* (<http://sli.uvigo.es/CTG/>).

Termoteca: Banco de datos terminolóxicos da UVigo (<http://sli.uvigo.es/TUVI/>).

Neoteca: Banco de datos de neoloxismos da UVigo (<http://sli.uvigo.es/NEO/>).

Distintos dicionarios, vocabularios e glorarios do SLI (<http://webs.uvigo.es/sli/recursos.html>).

Cóntase con incorporar no futuro a esta plataforma outros recursos actualmente en desenvolvemento polas dúas institucións. Por parte do ILG entran neste grupo distintos recursos de dialectoloxía, de cartografía e de onomástica.

Durante o ano 2007 o equipo do ILG realizou as seguintes actividades:

(a) Definición da linguaxe de codificación XML/RILG. Fíxose consonte as directrices EAGLES e TEI. Inclúe unha DTD para os textos e un etiquetario gramatical compartidos polos distintos recursos.

(b) Revisión, arrequeamento e mantemento dos bancos de datos textuais dos tres corpóra do ILG (TMILG, TILG e AGO).

(c) Continuación coa lematización do TILG.

(d) Inicio da lematización do TMILG.

(e) Revisión, arrequeamento e mantemento dos bancos de datos léxicos do DDGMO e do DDGME.

Sección de onomástica

Cartografía dos apelidos de Galicia

Os membros do proxecto traballaron durante este ano no desenvolvemento dalgúns utilidades de axuda que se incorporarán á paxina nos primeiros meses de 2008. Esta información facilitará o manexo do recurso e permitirá acceder a datos cuantitativos relativos a toda Galicia.

A utilidade e éxito da aplicación está demostrada pola cantidade de consultas que recibe diariamente (145 sesións de usuario diarias), a maioría delas de usuarios internacionais

(63%). Ademais, son moitos os medios de comunicación, investigadores e particulares que se dirixen ao correo do proxecto para coñecer datos sobre a distribución das frecuencias de apelidos en diversas zonas de Galicia. Durante este ano apareceron reportaxes en varios xornais galegos (*Faro de Vigo, El Correo Gallego, La Voz de Galicia*) sobre a distribución e frecuencia de apelidos que tiveron como fonte fundamental a *Cartografía dos apelidos de Galicia*.

Diccionario dos apelidos galegos

O proxecto *Diccionario dos apelidos galegos* ten como finalidade elaborar unha obra que contará entre 6.000 e 8.000 entradas, ordenadas alfabeticamente e seleccionadas por orde de frecuencia, cantidade que supón o 97% do total das ocorrencias dos apelidos. Os datos parten do Censo proporcionado polo Instituto Nacional de Estadística (Madrid) correspondentes ó ano 2001. Os lemas

escóllense entre as variantes existentes a partir da súa forma estandarizada e, secundariamente, terase en conta o criterio cuantitativo. Cada entrada incluírá o número de ocorrencias de cada forma, información etimolóxica, documentación histórica (a datación máis antiga coñecida), e, nos casos que proceda, datos sobre a súa difusión actual, relación co topónimo correspondente.

Proposta de estandarización dos nomes e dos apelidos galegos

O proxecto pretende elaborar un elenco estandarizado dos nomes e dos apelidos que se someterá á aprobación dos tres departamentos das Universidades, da RAG, do ILG, co fin de servir para distribuír nos

Rexistros e que tanto a sociedade coma os funcionarios xudiciais contén cunha base para poder restituí-las formas galegas que corresponden ás variantes castelanizadas. Isto aforraría, na maioría dos casos, ter que pedir

IP

Ana I. Boullón Agrelo Xulio
C. Sousa Fernández

Equipo

Rocío Dourado Fernández
Raquel Rodríguez Parada

Financiamento

convenio coa Real
Academia Galega

Páxina web

<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>

IP

Ana I. Boullón Agrelo

Equipo

Gonzalo Navaza Blanco
(UVigo)

Antón Palacio Sánchez
(UVigo)

Luz Méndez (TVG)

Financiamento

sen financiamento externo
específico

IP

Ana Isabel Boullón Agrelo

Financiamento

sen financiamento externo
específico

Contaco

ilgonoma@usc.es

un informe personalizado a unha autoridade académica para conseguir o cambio no Rexistro, sobre todo no caso dos apelidos. Neste momento

está recollido o corpus de partida e arrecadados datos para proceder á lista definitiva.

Diccionario histórico da antroponimia románica. Patronymica Romanica (PatRom)

A finalidade do proxecto é a publicación dun diccionario histórico de apelidos románicos (*Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane Patronymica Romanica (PatRom)*). Trátase dun proxecto colectivo realizado por un equipo internacional composto por dezaoto grupos de investigación. O resultado será un diccionario panrománico que terá en conta os apelidos procedentes do léxico común. Os centros cinculados ó colectivo PatRom son as universidades de Tréveris, Lisboa, Oviéu, Santander, Complutense de Madrid, Sevilla, Vitoria/Gasteiz, Zaragoza, València, Palma de Mallorca, Louvain-la-Neuv, Udine, Pisa, Bari, amais doutros centros de investigación como o

Institut d'Estudis Catalans (Barcelona), o Institut Nacional de la Langue Française (Nancy) e a Academia Româna (Bucarest). A sección de onomástica do ILG é a encargada de proporcionar os datos correspondentes ó dominio lingüístico galego. No último ano publicouse o vol. I.1.:

Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane Patronymica Romanica (PatRom), vol. I.1 Introductions. Cahier des normes rédactionnelles. Morphologie. Bibliographies, publié pour le collectif PatRom par Ana María Cano González, Jean Germain et Dieter Kremer. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 2007. ISBN: 978-3-484-50701-2.

IP

Ana I. Boullón Agrelo
(síntese e documentación
polo dominio lingüístico
galego)
Ramón Lorenzo Vázquez
(consultor)

Financiamento

sen financiamento externo

Contacto

ilganoma@usc.es

Cartografía da toponimia de Galicia

O proxecto ten por obxectivo o desenvolvemento dun servizo web que permita facer consultas complexas sobre unha base de datos de topónimos, hidrónimos e orónimos de Galicia. A ferramenta



estará deseñada para ofrecer información sobre consultas de tipo xeral e tamén sobre consultas de interese para a comunidade científica (lingüistas,

xeógrafos, etc.). A base de datos que se empregará será a do nomenclátor do INE, aínda que se prevé que se poidan incorporar os rexistros que a maiores contén o Nomenclátor da Xunta de Galicia.

O resultado das buscas ofrecerase en forma de táboa e nunha representación cartográfica. A visualización cartográfica presentará a silueta de Galicia coas divisións de provincias, comarcas e concellos. Esta visualización admitirá varios niveis de ampliación.

IP

Xulio Sousa Fernández

Equipo

Gonzalo Navaza Blanco
Luz Méndez Fernández
Rosario Álvarez Blanco

Financiamento

convenio coa Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e con AGON

Inventario toponímico da Galicia medieval

A posta en marcha deste proxecto data de finais do ano 2005 e durante os anos 2006 e 2007 realizáronse traballos de construción dunha base de datos á que importar e na que codificar os topónimos presentes no corpus *Xelmírez*. No modelo de ficha recóllese a seguinte información:

- Contexto na obra.
- Datos da obra (acrónimo, nome estandarizado, volume, capítulo e páxina).
- Datos cronolóxicos (século e ano).
- Datos xeográficos (medievais: lugar correspondente ao autor; contemporáneos: lugar, concello,

comarca, provincia, freguesía, arciprestado e diocese; coordenadas xeográficas, cando é posible).

- Datos glotolóxicos (lingua do documento, lingua do topónimo, etc.).
- Datos morfolóxicos (lema medieval -en romance e latín-, lema moderno, etc.).
- Datos tipolóxicos (tipoloxía referencial da unidade ou cadea toponímica).
- Argumentación na identificación xeográfica dos topónimos.

Os primeiros contidos do *Inventario* suman arredor de 20.000 fichas,

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Rocío Dourado Fernández
Paulo Martínez Lema

Financiamento

aínda sen financiamento externo específico, está en trámite un convenio.

resultantes da marcaxe, etiquetación e identificación de topónimos de dúas áreas xeográficas: as comarcas occidentais da terra de Compostela (TIT de Paulo Martínez Lema: *Inventario Toponímico do Tombo de Toxos Outos* [2007]) e as terras da diocese mindoniense (TIT de Rocío Dourado Fernández: *Contribución*

a un inventario toponímico dos documentos do Arquivo da Catedral de Mondoñedo). Na actualidade séguese coa incorporación de novos rexistros toponímicos, tirados doutras coleccións documentais desas mesmas áreas. A base de datos poderase consultar en breve na páxina web do Instituto da Lingua Galega.

Outras actividades

Simposio 2007: Perspectivas sobre a oralidade

A oralidade é inherente ao ser humano e é a primeira e fundamental manifestación da linguaxe, mais ao longo da historia da lingüística tratouse de maneira secundaria ou marxinal, debido en parte ao excesivo peso que lle outorgamos na nosa sociedade á cultura escrita e en parte a que se trata dun obxecto de estudo moitas veces difícil de aprehender e sistematizar. Nos últimos decenios os estudos sobre a oralidade tiveron un gran desenvolvemento, mais na lingüística galega en moitas das súas vertentes os traballos son aínda escasos e algunhas liñas de investigación que presentan un gran potencial aínda están apenas encetadas.

Ademais, a comunicación a través da voz constitúe un campo de estudo moi extenso que presenta múltiples facetas, polo que debe ser abordado

desde diferentes disciplinas con metodoloxías específicas, desde a lingüística á antropoloxía, a literatura, a psicoloxía ou a medicina, entre outras. Existen hoxe en Galicia moitos especialistas que traballan nalgunha destas áreas vinculadas á comunicación oral, e que poden contribuír, cadaquén desde a súa especialidade, a construír un coñecemento máis completo e integrado da oralidade.

O ILG contribuíu coa organización deste simposio ao encontro dos investigadores que traballan en Galicia sobre algunha dimensión da oralidade, e á presentación e coñecemento doutros aspectos da oralidade insuficientemente estudados no galego, para así enriquecer os traballos que se están a desenvolver e, asemade, contribuír a abrir novas liñas de investigación.



O simposio desenvolveuse entre o 17 de outubro e o 9 de novembro. Todos os traballos presentados no simposio *Perspectivas sobre a oralidade* foron contribucións orixinais, elaboradas por encargo expreso da organización por especialistas en cada materia, que ademais foron debatidos de maneira inmediata nos coloquios que seguiron a cada intervención.

As conferencias trataron temas que requiren diferentes especializacións e metodoloxías específicas: análise da conversa e do discurso oral, a literatura oral (tanto nas súas formas tradicionais coma noutras máis innovadoras), a variación da lingua falada, a lingua oral nos medios de comunicación, a adquisición da lingua e aprendizaxe da expresión oral, o uso da voz na comunicación e uso de recursos non verbais, tecnoloxías da fala e a elaboración e etiquetaxe de córpora orais.

As conferencias pronunciáronse na Facultade de Filoloxía, en sesións dobres que remataron cun coloquio no que conferenciantes e asistentes puideron intercambiar ideas e puntos de vista. Na sesión final houbo un módulo no que se presentaron unhas conclusións globalizantes do simposio.

Para os estudantes obtívose convalidación por un crédito de libre configuración. Fíxose control de asistencia por medio de sinaturas. Entregóuselles diploma de asistencia ás persoas que asistiron, cando menos, ao 70% das sesións.

A organización correu ao cargo dun *Comité Organizador* formado por: Xosé Luís Regueira Fernández, Elisa Fernández Rei e Ana Belén Escourido Pernas. O *Comité Científico* estivo formado por: Manuel González González, Rosario Álvarez Blanco, Michel Contini, Francisco Fernández Rei, Johannes Kabatek, Antonio Romano, Antón Santamarina Fernández..

Contribuíron a financiar este simposio: Instituto da Lingua Galega, Consello da Cultura Galega, Departamento de Filoloxía Galega, Facultade de Filoloxía e Vicerreitorado de Investigación e Innovación (USC), Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e Ministerio de Educación y Ciencia. Da repercusión que tivo o Simposio na nosa comunidade e fóra dela fixéronse eco os medios de comunicación e a web de centros e institucións académicas durante todo o mes: *Galicia Hoxe*, *La Voz de Galicia*, o Xornal Electrónico da USC, etc.

Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros 2007

Os cursos de verán de lingua e cultura galegas desenvolvéronse entre o 3 e o 27 de xullo. Este ano participaron no curso 120 alumnos procedentes de Alemaña, Arxentina, Brasil, Bulgaria, Canadá, Chile, Corea do Sur, Cuba, Estados Unidos, España, Estonia, Francia, Hungría, A India, Inglaterra, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal, República Checa, República Moldova, Romanía e Xapón. Ademais das actividades docentes de cada un dos cursos, programouse unha serie de conferencias a cargo de especialistas e profesores universitarios que axudaron

a arrequestrar o coñecemento da lingua e da cultura galega nos participantes.

Os Cursos de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros e para Españóis de fóra de Galicia están promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coa Real Academia Galega e co Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago. O director dos cursos 2007 foi Manuel González González e a secretaria María Dolores Villanueva Gesteira, membros do ILG.

Curso de verán Xeografía Lingüística Ibérica: Traballos e métodos

Do 18 ao 20 de xullo de 2007 celebrouse en Santiago de Compostela o curso de verán *Xeografía Lingüística Ibérica: Traballos e métodos*, organizado polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e inserido na programación estival ofertada pola Vicerreitoría de Cultura. Os organizadores do curso foron Xulio Sousa Fernández (director) e Xosé Afonso Álvarez Pérez (secretario).

O programa académico ofertado tentou ofrecer unha panorámica completa dos traballos que se están a realizar no dominio lingüístico ibérico, prestando especial atención á

incorporación das novas tecnoloxías e métodos de investigación. Con esta finalidade, convidouse a 17 profesores e investigadores do ámbito nacional e internacional, derecoñecida experiencia en traballos sociolingüísticos.



Abriu o curso o Prof. Antón Santamarina, catedrático de Filoloxía Románica da USC e co-director do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), que realizou unha ampla panorámica sobre os estudos dialectais feitos sobre o galego ata finais do século XX. A continuación, participou o Prof. Francisco Fernández Rei, tamén catedrático de Filoloxía Románica da USC, para falar sobre os proxectos que se están a desenvolver no dominio lingüístico galego, con especial atención aos traballos do ALGa, ao *Arquivo do Galego Oral* e aos estudos sobre o léxico mariñeiro. Pechou a sesión matinal a Dra. Ernestina Carrilho, da universidade de Lisboa, que presentou as diferentes actividades desenvolvidas polo *Grupo de Variação* do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa.

A sesión de tarde abriuse cunha conferencia do Prof. Manuel González, Secretario da Real Academia Galega e docente de Xeografía Lingüística Románica na USC, quen conferenciou sobre o proceso de realización dun atlas lingüístico, desde a elaboración do cuestionario ata a publicación. A continuación, e divididos en pequenos grupos, os alumnos visitaron o Instituto da Lingua Galega, onde recibiron explicacións sobre os diferentes proxectos de cartografía lingüística que se están a desenvolver no centro, especialmente as actividades de dialectometría, de representación cartográfica dos apelidos e de

potentes bases de datos de tipo léxico. O xoves pola mañá o Dr. Xosé Lluís García Arias, da universidade de Oviedo e ex-presidente da *Academia de la Llingua Asturiana*, conferenciou sobre o dominio lingüístico ástur. A continuación, a Dra. Pilar García Mouton, Profesora de Investigación do CSIC, falou sobre os atlas dos dominios lingüísticos casteláns, deténdose sobre todo no *Atlas Lingüístico y etnográfico de Castilla-La Mancha*. Pechou a sesión da mañá o Dr. Vicente Lagüéns, profesor da universidade de Zaragoza, que presentou diferentes traballos do ámbito aragonés, nun relatorio elaborado en colaboración co Prof. José María Enguita, desa mesma universidade.

Pola tarde, o Dr. Esteve Clua, profesor da universidade Pompeu Fabra, expuxo varios proxectos do territorio catalán, incidindo en aspectos metodolóxicos relacionados coa análise lingüística e co tratamento estatístico dos datos dialectais. A continuación, celebrouse unha mesa redonda para analizar un tipo de traballos que cobran cada vez máis importancia na nosa disciplina, a creación de grandes *corpora* que integran material dialectal. Faláron a Prof. Rosario Álvarez, da USC, reponsable do *Tesouro do léxico dialectal do galego e do portugués*, a Dra. Inés Fernández-Ordóñez, da Universidade Autónoma de Madrid, responsable do *Corpus Oral y Sonoro del Español Rural* (COSER), a Dra. Ana



Maria Martins, da Universidade de Lisboa, responsable do *Corpus dialectal para o estudo da Sintaxe* (CORDIAL-SIN) e a Dra. Maria Pilar Perea, da universidade de Barcelona, responsable do *Corpus Oral Dialectal* (COD).

A sesión do venres pola mañá comezou cunha conferencia do Dr. Gotzon Aurrekoetxea, que se centrou no *Atlas Lingüístico Vasco* (EHHA) e no *Atlas Xeo-sociolingüístico* (EAS). A continuación, o Dr. David Heap, da universidade Western Ontario, falou sobre a publicación en liñas do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI). Finalmente, a Dra. Elisa Fernández Rei, da USC, falou sobre o proxecto europeo do *Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman* (AMPER) e os traballos que se están a realizar no dominio galego no marco desa investigación. A sesión do venres á tarde abriuna a conferencia da Dra. Elisabetta Carpitelli, profesora da Universidade Stendhal de Grenoble e coordinadora científica do *Atlas Linguistique Roman* (ALiR), que falou sobre este proxecto e

sobre o monumental *Atlas Linguarum Europae* (ALE), centrándose en diferentes aspectos metodolóxicos e na importancia da perspectiva motivacional para os estudos de dialectoloxía. O curso clausurouse cunha mesa redonda sobre os métodos en dialectoloxía, que contou coa participación da Dra. Elisabetta Carpitelli, do Prof. Manuel González, da Dra. Maria Pilar Perea e do Dr. Carlos Valcárcel (USC).

No que respecta á asistencia de alumnos, o curso cubriu todas as prazas ofertadas (80) e contou con participación de xente de diferentes nacionalidades, sobre todo galegos, españois e portugueses. A valoración que realizaron os asistentes ao curso, mediante enquisa de avaliación, foi moi positiva, unha satisfacción que tamén se reflectiu na participación nos coloquios programados despois de cada conferencia e mesa redonda, coa idea de converter o curso nun foro interactivo, e non simplemente nunha acumulación de conferencias.

Seminarios e visitas de investigadores



Francesco Benozzo, investigador da Universidade de Boloña, participou nunha sesión científica organizada polo Consello da Cultura Galega e o Instituto da Lingua Galega presentando a comunicación *L'area galega nella preistoria linguistica d'Europa* redactada en colaboración co profesor Mario Alinei (Universidade de Utrech). Esta intervención formou parte dun seminario de debate sobre a teoría da continuidade ao que foi convidada unha trintena de investigadores de distintos ámbitos científicos.

O equipo do proxecto AMPER-Galicia recibiu no mes de setembro a visita de Carmen Muñiz, da Universidade de Oviedo. A profesora Muñiz é responsable do grupo AMPER-Astur e membro do Laboratorio de fonética da Universidade de Oviedo.



No mes de outubro a profesora Amparo Tuson Valls, da Universidade Autónoma de Barcelona, participou nun seminario de traballo sobre a creación dun corpus de lingua coloquial. Amparo Tuson é profesora do departamento de Filoloxía Española da Universidade Autónoma de Barcelona e desenvolve a súa investigación no ámbito da análise lingüística e antropolóxica do discurso oral. Ademais é responsable do Cercle d'Anàlisi del Discurs da UAB e autora, entre outras publicacións, dos libros *Anàlisi de la conversa* e *Las cosas del decir*.



O 21 de novembro o profesor Michael Ferreira, da Universidade de Georgetown, mantivo unha reunión de traballo sobre cörpora textuais con investigadores do centro. O profesor Mark Davis é especialista na aplicación de técnicas informáticas nos estudos filolóxicos. O seu labor investigador desenvólvese fundamentalmente na edición electrónica de textos antigos portugueses. O doutor Ferreira editou e transcribiu varios textos portugueses antigos e ademais é director do *Dictionary of the Old Portuguese Language Project*.

O investigador do Instituto de Linguística Teórica e Computacional de Lisboa Tiago Anjo de Freitas realizou unha visita entre os días 7 e 10 de novembro de 2007, co obxectivo de intercambiar información sobre a realización de cörpora orais, desde a gravación ao etiquetado e explotación. Esta visita forma parte dos traballos preparatorios para a realización no seo do ILG dun corpus oral da lingua galega.



Nova publicación de investigación en lingüística galega

O Consello Científico do Instituto da Lingua Galega, en sesión celebrada o 11 de maio de 2007, acordou pór en marcha a edición dun anuario de lingüística e filoloxía galegas co nome de *Estudos de lingüística galega*. Trátase dunha revista en formato electrónico, cunha tiraxe en papel só para cubrir demandas puntuais (intercambio, subscrición, agasallo institucional). *ELG* nace con vontade de adecuarse ás normas internacionais de calidade que rexen para as publicacións científicas do noso ámbito. O primeiro número será publicado en 2008.

A nova revista nace como vehículo de difusión nacional e internacional da investigación máis actual e moderna feita no campo da lingüística e filoloxía

galegas, e entre ela da realizada no Instituto da Lingua Galega. A necesidade de dispor dun vehículo destas características, capaz de trasladar os resultados de investigación do ILG aos círculos científicos e sociais interesados, foi salientada no debate e redacción do plano estratéxico do instituto (2004) e concretada, en forma de revista electrónica, nas liñas de actuación previstas no marco do programa “Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas. Ano 2006” (Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria), no que foi seleccionado o grupo que integra o ILG.

Primeira versión galega do programa de análise dialectométrica Visual Dialectometry

Investigadores do Instituto da Lingua Galega e do Institut für Romanistik da Universidade de Salzburgo elaboraron unha versión galega do programa de análise dialectométrica *Visual Dialectometry*. Este programa permite utilizar diversos procedementos habituais no ámbito da clasificación numérica para a análise de datos contidos nos atlas lingüísticos. A dialectometría é unha disciplina nova, iniciada nos anos setenta do século XX, que permite tirar un maior proveito de toda a información que facilitan os atlas

lingüísticos. A escola dialectométrica de Salzburg desenvolveu desde hai uns anos unha metodoloxía de análise cuantitativa de datos lingüísticos que tivo como resultado fundamental o programa *Visual Dialectometry* (VDM). Este programa está xa a ser empregado en moitos ámbitos lingüísticos e tamén para outras disciplinas (xenética, onomástica, escriptoloxía, etc.). A versión galega do VDM é a primeira que se fai a un idioma distinto do orixinal alemán.

Encontro preliminar para a participación nun proxecto internacional de Sintaxe dialectal europea



Investigadores da sección de xeografía lingüística foron convidados a participar nunha rede europea de investigación en sintaxe dialectal, con vistas ao *European Dialect Syntax Project*. O proxecto e a rede están promovidos e coordinados desde Amsterdam polo Meertens Instituut, da Koninklijke Nederlandse Akademie van Wetenschappen (Real Academia Neerlandesa de Artes e Ciencias), un instituto con experiencia contrastada na

investigación da variación lingüística, e da sintáctica en particular.

En decembro acudiron a unha xuntanza en Madrid dos promotores cos grupos representativos de diferentes centros convidados, onde cada comunicante presentou o estado actual dos estudos nos diferentes dominios e as posibilidades de utilización de materiais e bases de datos existentes nos seus centros.

Nova versión do Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)

O TMILG é un recurso de consulta textual que traballa contra un corpus de textos galegos que van do século VIII ao século XVII. Abrangue, en números redondos, unhas 16.000 unidades textuais distribuídas nun total de 82 obras, representativas das tres grandes categorías recoñecibles na produción textual da Galicia medieval: a prosa notarial, a prosa non notarial e a poesía (verso).



O documento máis antigo incluído a día de hoxe no corpus é unha doazón datada no ano 787, editada por López Ferreiro na súa *Galicia Histórica* (capítulo 113). Aínda que no TMILG se poden atopar representadas diversas linguas, o certo

é que, na situación actual, a aplicación informática só permite facer buscas no texto en galego. O latín e o castelán poden aparecer como elemento contextual nas concordancias. No futuro está previsto o acceso aos outros cörpera

do *Xelmírez* (TMILL-G, TMILC-G, TMILP e TMILL-P). As proporcións da diversidade glotolóxica do *Xelmírez* na actualidade son as seguintes, para a produción notarial: 56% en galego, 28% en latín e 16% en castelán.

Aprobación do novo regulamento de réxime interno do ILG

Na reunión do Consello de goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 20 de xuño de 2007 ratificouse o regulamento de réxime interno do Instituto da Lingua Galega. O regulamento foi presentado no

consello de goberno despois de ser aprobado polo consello científico do ILG e de obter o informe favorable da asesoría xurídica da Universidade de Santiago de Compostela.

Biblioteca e arquivo

A biblioteca do ILG está situada no propio centro e conta cunha sala de lectura cunha capacidade para 20 persoas e o seu horario é de 9:30 a 14:30 de luns a venres. Os seus fondos están relacionados coa lingüística, especialmente a galega, aínda que destaca un importante fondo de literatura galega. Durante o ano 2007 recibíronse un total de 882 monografías, a maioría compradas con cargo a proxectos vinculados ao ILG pero tamén de doazóns particulares e de organismos públicos da comunidade galega e do resto de España.

Para axilizar o proceso de reconversión do catálogo manual nun catálogo informatizado e dispoñible en internet, desde mediados do mes de novembro unha persoa está a colaborar coa bibliotecaria neste labor.

O arquivo do ILG é de uso interno. Garda a memoria da institución. Desde o ano 2006 está a cargo de Francisco Fernández Rei, que alenta e coordina a recolleita e conservación dos fondos. Unha das últimas tarefas foi a ordenación de toda a documentación dos actos do XXV aniversario, congreso incluído.

Publicacións



Dicionario de dicionarios do galego medieval

Ernesto González Seoane (dir.), María Álvarez de la Granja e Ana Isabel Boullón Agrelo

Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2006

CD + 167 páxinas



Lingua e territorio

R. Álvarez, F. Dubert García e X. Sousa Fernández (eds.)

Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, 2006

ISBN 84-96530-20-5

527 páxinas



O galego fundamental: dicionario de frecuencias


María Xesús Bugarín López

Biblioteca Filolóxica do Instituto da Lingua Galega

A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2007

ISBN 978-84-95892-60-7

1109 páxinas



Na Nosa lingoage galega

Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.)

Santiago de Compostela: Consello Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura, 2007

ISBN 978-84-96530-44-7

671 páxinas



Actas do Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento". Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002.

Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.)

Santiago de Compostela: AGOn / RAG / ILG

ISBN: 978-84-690-3921-2

837 páxinas

Participación en congresos, simposios e conferencias

- Álvarez Blanco, Rosario. Participación na mesa “Investigadoras nas Universidades Galegas: Unha perspectiva feminina en Humanidades”, con M^a Jesús Lorenzo Modia, Beatriz Suárez Briones e Ana Sánchez Bello (moderadora). *ForumCompostela on women in research and society / Foro Compostela sobre a muller en investigación e sociedade*. Santiago de Compostela, Compostela, grupo de universidades, 25-26 xaneiro 2007.
- Álvarez Blanco, Rosario. Participación na mesa *Córpora dialectais*, con Inés Fernández-Ordóñez, Ana María Martins e María Pilar Perea i Sabater. Curso de Verán *Xeografía lingüística ibérica: traballos e métodos*. Santiago de Compostela: USC, xullo de 2007.
- Álvarez Blanco, Rosario. *Ano María Mariño: un balance*. Participación na mesa redonda e moderadora, con Helena González, Esperanza Mariño, Carmen Blanco e Pilar García Negro. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 12 de decembro de 2007.
- Álvarez Blanco, Rosario: “Aproximación a los proyectos y trabajos sobre dialectología gallega”. *Jornadas de dialectología gallega y portuguesa: historia y actualidad*. Departamento de Lenguas Modernas / Centro de Estudos Galegos. Universidad de Salamanca, 18-19 de decembro de 2007.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso: “Contribución al estudio del léxico de los animales domésticos en gallego: la vaca”. Comunicación en *XXV CILPR 2007*. Innsbruck: Leopold-Franzens-Universität, 4/09/2007.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso: Relatorio sobre a base de datos do *ALiR. XVII Congreso Internacional del Atlas Lingüístico Románico*. Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 21/09/2007.
- Arbor Aldea, Mariña: “As abreviaturas no Cancioneiro da Ajuda: tipos, valores e distribución”, XII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, Cáceres, 25-29 de setembro de 2007.
- Couceiro Pérez, Xosé Luís: “Utilización da documentación medieval para a elaboración dun mapa toponímico medieval”, *II Seminario. Corpora Documentais de Latín Medieval Hispano*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro, 30-31 outubro 2007.
- Dourado Fernández , Rocío / Paulo Martínez Lema: “Os mares son os mesmos, o que cambian son os nomes. Sobre algunhas denominacións dos golpes de mar na Costa da Morte e na Mariña Oriental”. *I Congreso da Mocidade Investigadora (25-26 de outubro de 2007)*. Santiago de Compostela.

- Escourido Pernas, Ana Vid. González, Manuel / Elisa Fernández. Rei / Ana Escourido / Xosé Luís Regueira.
- Fernández Rei, Elisa Vid. González, Manuel / Elisa Fernández. Rei / Ana Escourido / Xosé Luís Regueira.
- Fernández Rei, Elisa: “Atlas Multimédia Prosodique de l’Espace Roman”. Relatorio no Curso de Verán *Xeografía lingüística ibérica: traballos e métodos*. Santiago de Compostela: USC, xullo de 2007.
- Fernández Rei, Elisa: “Expresión oral”. *Simposios ILG. Perspectivas sobre a oralidade*. Santiago de Compostela, outubro-novembro de 2007.
- Fernández Rei, Francisco: “As falas do Val do Ellas e a dialectoloxía galega”. Conferencia no Curso *A Fala de Xálima*, dirixido por X. H. Costas González (Universidade de Vigo) e J. M^a Carrasco González (Universidade de Extremadura). San Martín de Trebello (Cáceres), 10-12 xullo 2007.
- Fernández Rei, Francisco: “Barcos, mares e xentes na literatura galega”. Conferencia inaugural da I Semana do Mar organizada pola Fundación Sotelo Blanco. Santiago de Compostela, 22-26 outubro 2007
- Fernández Rei, Francisco: “O ALGa e o *Arquivo do Galego Oral*: a imaxe do galego”. Conferencia no Simposio ILG *Perspectivas sobre a oralidade*, dirixido por X. L. Regueira / E. Fernández Rei / A. Escourido. Santiago de Compostela, 17 outubro-9 novembro de 2007.
- Fernández Rei, Francisco: “Traballos en marcha no dominio lingüístico galego”. Conferencia no Curso de verán *Xeografía lingüística ibérica: traballos e métodos*, dirixido por Xulio Sousa Fernández (ILG). Santiago de Compostela, 18-20 xullo 2007.
- González González, Manuel. Participación na mesa *Métodos en dialectoloxía*, con Elisabetta Carpitelli, María Pilar Perea i Sabater e Carlos Valcárcel Riveiro. Curso de Verán *Xeografía lingüística ibérica: traballos e métodos*. Santiago de Compostela: USC, xullo de 2007.
- González González, Manuel: “O proceso de realización dun atlas lingüístico”. Relatorio no Curso de Verán *Xeografía lingüística ibérica: traballos e métodos*. Santiago de Compostela: USC, xullo de 2007.
- González González, Manuel. O ensino do galego a estudantes estranxeiros Conferencia no *III Curso de Primavera : As humanidades. Realidade e perspectivas* (16-20 abril 2007)

- González González, Manuel. *Situación sociolingüística de Galicia*. Conferencia en *Curso de planificación lingüística*, organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.
- González González, Manuel / Elisabetta Carpitelli. *La base de données de l'ALiR: théorie et pratique*. Ponencia en *XVII^{ème} Colloque International Atlas Linguistique Roman (ALiR): Faune sauvage et plantes sauvages*
- González González, Manuel. *A fala de Mazaricos*. Conferencia en *Homenaxe das asociacións e do Concello de Mazaricos a Manuel González*.
- González, Manuel / Elisa Fernández. Rei / Ana Escourido / Xosé Luís Regueira: González, Regueira: "O proxecto AMPER e a prosodia galega" *Simposios ILG. Perspectivas sobre a oralidade*. Santiago de Compostela, outubro-novembro de 2007.
- González Seoane, Ernesto / Antón Santamarina Fernández: "Los diccionarios de diccionarios y el diccionario histórico de la lengua gallega". Comunicación presentada no *Coloquio Internacional sobre Corpus Diacrónicos en Linguas Iberorromances*, Universitat de les Illes Balears, Palma de Mallorca, 25-27 de outubro de 2007.
- González Seoane, Ernesto Vid. Monteagudo, Henrique / Ernesto González Seoane.
- Gutiérrez Pichel, Ricardo / Xavier Varela: "El corpus del gallego medieval: *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*". *Coloquio Internacional sobre Corpus Diacrónicos en Linguas Iberorromances*, 25-27 de outubro de 2007, Palma de Mallorca.
- Hermida Gulías, Carme: "A cantidade e a calidade do galego nos medios", relatorio presentado ás *IV Xornadas Lingua e Usos: lingua e comunicación*", A Coruña, 7-8-9 de novembro do 2007.
- Mariño Paz, Ramón: "A conexión entre sociolingüística e lingüística históricas e as fontes para o estudo da lingua oral no caso da historia do galego". *Seminario Historia de la Lengua Española: presente y futuro (Santiago de Compostela, 26 y 27 de noviembre de 2007)*. Departamento de Lengua Española, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.
- Mariño Paz, Ramón: "O idioma galego na vida e na época de D. Juan Antonio Posse". *Xornadas conmemorativas do 240 aniversario de Don Juan Antonio Posse (1766-1854), o crego liberal galego defensor da Constitución de*

1812 (*Laxe, 21 de abril de 2007*). Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte / Deputación da Coruña.

Mariño Paz, Ramón: “O purismo e a estandarización como factores condicionantes da mudanza lingüística. O caso dos plurais dos nomes oxítonos terminados en /-l/ no singular no galego contemporáneo”. Comunicación presentada no Coloquio Internacional *Mudança e Variação nas Línguas Românicas / Change and Variation in Romance*. Faculdade de Letras da Universidade do Porto, Porto, 13-15 de decembro de 2007.

Martínez Lema, Paulo: “Orotoponimia da comarca do Barbanza no tomo de Toxos Outos, ”. *I Congreso da Mocidade Investigadora (25-26 de outubro de 2007)*. Santiago de Compostela.

Martínez Lema, Paulo Vid. Dourado Fernández , Rocío / Paulo Martínez Lema.

Monteagudo Romero, Xosé Henrique: “Un estado, una nación, una lingua: crisis de un modelo” / “Lenguas e identidades en la historia de España”. Participación no curso de verán *El valor identitario de las lenguas y sus modalidades*, Universidad Complutense, Madrid. El Escorial (Madrid), 30 xullo- 3 agosto 2007.

Monteagudo, Henrique / Ernesto González Seoane: “Políticas de la lengua en la Galicia contemporánea (ss. XIX-XX)”. Curso de mestrado *Glotopolítica / Análisis del discurso*. Instituto de Lingüística / Universidad de Buenos Aires, Buenos Aires, 3 /IX / 2007 a 8 / X / 2007.

Monteagudo, Henrique. Organización do *Seminario de Planificación Lingüística*. 3-4 de decembro, 2007. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Mouzo Villar, Rosa: “Os nomes de parentesco no material galego do ALPI”. *XXXI Coloquio Internacional de Lingüística Funcional*. Sociedade Internacional de Lingüística Funcional (SILF), Lugo, 11-15 de setembro de 2007.

Regueira Fernández, Xosé Luís Vid. González, Manuel / Elisa Fernández. Rei / Ana Escourido / Xosé Luís Regueira.

Rodríguez Guerra, Alexandre: ““AOGM (A oración en galego medieval), o banco de datos sintácticos medievais do Instituto da Lingua Galega””. *Seminario Historia de la Lengua Española: presente y futuro (Santiago de Compostela, 26 y 27 de noviembre de 2007)*. Departamento de Lengua Española, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.

- Rodríguez Lorenzo, David: “Análise contrastiva entre os materiais do *ALGa* e do *ALPI* no campo léxico das partes do corpo”. *XXXI Coloquio Internacional de Lingüística Funcional. Sociedade Internacional de Lingüística Funcional (SILF)*. Lugo, 11-15 de setembro de 2007.
- Santamarina, Antón: “Os cóncores do Instituto da Lingua Galega I: *TILG, Tesouro Informatizado da Lingua Galega*”. *I Simposio de Lingüística Aplicada. Cóncores e Terminoloxía*. Universidade de Vigo. 28-29 de xuño de 2007.
- Santamarina Fernández, Antón: “Trinta anos de *Atlas Lingüístico Galego*”. Conferencia inaugural no Curso de Verán *Xeografía lingüística ibérica: traballos e métodos*. Santiago de Compostela: USC, xullo de 2007.
- Santamarina, Antón: “O patrimonio oral”. *Simposios ILG. Perspectivas sobre a oralidade*. Santiago de Compostela, outubro-novembro de 2007.
- Santamarina, Antón Vid. González Seoane, Ernesto / Antón Santamarina Fernández.
- Santos Palmou, Xandra: “Léxico dialectal do corpo humano referido ao tamaño”. *XXXI Colloque Internationale de Linguistique Fonctionnelle*, Lugo, do 11 ao 15 de setembro de 2007.
- Santos Palmou, Xandra: “María Mariño: entre a destrución e a sementeira”. Conferencia na Galería Sargadelos de Madrid o 16 de maio de 2007.
- Santos Palmou, Xandra: “Sobre lingua e identidade(s): identidade e contextos multilingües, contruíndo as diversidades”. *XXII Encuentro Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas*, Sevilla, 9, 10, e 11 de maio de 2007.
- Sousa Fernández, Xulio: “Dialectoloxía comparada do dominio galego: gheada e seseo no *ALPI* e no *ALGa*”. Comunicación en *XXV CILPR 2007*. Innsbruck: Leopold-Franzens-Universität, 3-8/09/2007.
- Varela, Xavier: “Os cóncores do Instituto da Lingua Galega II: *TMILG, Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*”. *I Simposio de Lingüística Aplicada. Cóncores e Terminoloxía*. Universidade de Vigo. 28-29 de xuño de 2007.
- Varela Barreiro, Xavier: “Os cóncores e a historia da lingua: *TMILG, corpus do galego medieval do Instituto da Lingua Galega* “. *Seminario Historia de la Lengua Española: presente y futuro (Santiago de Compostela, 26 y 27 de noviembre de 2007)*. Departamento de Lengua Española, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.

Varela, Xavier Vid. Gutiérrez Pichel, Ricardo / Xavier Varela.

Veiga, Alexandre: “À propos de la phonémisation des semivoyelles en espagnol”.
En Härmä, J. *et al.* (eds.): *Actes du XXIX^{ème} Colloque International de Linguistique Fonctionnelle*. Helsinki: Département des langues romanes de l’Université de Helsinki, 2007, 247-51.

Veiga, Alexandre: “Regarding the Double Temporal Reorganization in the Diachronia of the Spanish Verbal System”. Comunicación lida na *18th International Conference oh Historical Linguistics* (Montréal, 2007)

Publicacións dos investigadores

- Álvarez Blanco, Rosario (2003-2006): “O neutro pronominal: esplendor e decadencia de *elo* en galego”, *Revista Portuguesa de Filologia* XXV, 2003-2006, I 1-36 [Clarinda de Azevedo Maia / Ana Cristina Macário Lopes / Graça Maria Rio-Torto (coord.): *Revista Portuguesa de Filologia. Miscelânea de Estudos En Memoriam José G. Herculano de Carvalho*, 2vol.].
- Álvarez Blanco, Rosario (2007): “Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro. Algúns procesos de cambio lingüístico testemuñados en apuntamentos onomásticos de Martín Sarmiento”, en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (ed.): *Actas do Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002*. Santiago de Compostela: AGOn / RAG / ILG, 49-67 [3 mapas].
- Álvarez Blanco, Rosario (2007): “María Mariño. Noiesa do Courel, dinamiteira da fala”, *A Trabe de Ouro* 71, 2007, 441-444.
- Álvarez Blanco, Rosario (2007): “Variación diatópica no período de emerxencia”, en Ana I. Boullón Agrelo (ed.) (2007): *Na nosa lingoaxe galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 373-397.
- Álvarez Blanco, Rosario / Xosé Luís Rodríguez Montederramo (2006): “Un prego solto en galego en defensa do liberalismo: “A parola poléteca”, de 1822”, *Boletín da Real Academia Galega* 367, 141-193 [inclúe facsímile].
- Álvarez Blanco, Rosario / Xosé Xove Ferreiro: “Os adverbios *alá/aló, acá/acó* en galego medieval”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Surís / E. Moscoso Mato (eds.): *A mi dizen quantos amigos ey. Estudos filolóxicos en homenaxe a Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: USC (no prelo).
- Álvarez Blanco, Rosario / Xosé Xove Ferreiro: “Os adverbios *alá/aló, acá/acó*. Unha perspectiva dialectal”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: USC (no prelo).
- Álvarez Blanco, Rosario: “A lingua dos galegos en textos portugueses dos séculos XVI-XIX”. *Actas do VIII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Galicia do outro lado do Atlántico: voces reunidas na Bahía. 12-15 de setembro de 2006*. Asociación Internacional de Estudos Galegos (no prelo).
- Álvarez Blanco, Rosario: “Denuncia pública e autor anónimo. O *Diálogo dos esterqueiros* (1807)”, en R. Villares / X. L. Axeitos / E. Grandío (eds.): *A patria enteira. Estudos en homenaxe a Xosé Ramón Barreiro*. Santiago de Compostela: CCG / RAG / USC (no prelo).

- Álvarez Blanco, Rosario: "Dialectoloxía e toponimia: *Fontán, Fontenla, Fontaiña*", en *Actas do II Congreso Internacional de Onomástica Galega (Pontevedra. 19, 20 e 21 de outubro de 2006)*. Santiago de Compostela: AGOn / ILG / Uvigo (no prelo).
- Álvarez de la Granja, María (2007): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- Álvarez de la Granja, María (ed.): *Phraseological Studies: A Contrastive View*. Hamburg: Dr. Kovacs (no prelo).
- Álvarez de la Granja, María: "Os antropónimos figurados valorativos. Caracterización e uso (I)", en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: USC (no prelo).
- Álvarez de la Granja, María: "As variantes funcionais das locucións verbais", en C. Mellado Blanco (ed.): *La fraseología en los diccionarios*. Frankfurt: Peter Lang (no prelo).
- Álvarez de la Granja, María: "Os antropónimos figurados valorativos. Caracterización e uso (II)", en E. Corral Díaz / L. Fontoira Surís / E. Moscoso Mato (eds.): *A mi dizen quantos amigos ey. Estudos filolóxicos en homenaxe a Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: USC (no prelo).
- Álvarez de la Granja, María: "Os verbos funcionais na lexicografía galega", en *Actas do I Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica*. A Coruña: Universidade (no prelo).
- Álvarez de la Granja, María: "As variantes funcionais das locucións verbais", en C. Mellado Blanco (ed.): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Frankfurt an Main: Peter Lang (no prelo).
- Álvarez de la Granja, María Vid. González Seoane, Ernesto Xosé (dir.) / María Álvarez de la Granja / Ana Isabel Boullón Agrelo.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2006): "Contribución al estudio del léxico relativo a la vaca: denominaciones para la cría", en Milka Villayandre Llamazares (ed.): *Actas del XXXV Simposio de la Sociedad Española de Lingüística* (León, 12-15 de diciembre de 2005). León: Universidad de León, Dpto. de Filología Hispánica y Clásica, 2006 [<http://www3.unileon.es/dp/dfh/SEL/actas.htm>].
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2006): "Estudio del campo léxico de la vaca en gallego", *Interlingüística* 17, 120-129.

- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2006). Recensión de Joan Veny (ed.) (2005): *Els mètodes en dialectologia: continuïtat o alternativa? I Jornada de l'Associació d'amics del Professor Antoni M. Badia i Margarit* (Barcelona, 11 de març de 2004). Barcelona: Institut d'Estudis Catalans. Col. Biblioteca Filològica, LII. En *Cadernos de Lingua* 28, 175-181.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2007): "Estudio del campo léxico de la vaca en gallego: el pescuezo", *Dialectologia et Geolinguistica* 15, 3-22.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso: "*E contra'l suo fattore alzò le ciglia*. A rebelión anxélica en *Satanás. Historia del Diabolo vista a través da Commedia*", en E. Corral Díaz / L. Fontoira Surís / E. Moscoso Mato (eds.): *A mi dizen quantos amigos ey. Estudos filolóxicos en homenaxe a Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: USC (no prelo).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso: "Edición e comentario de *Nociones de lenguaje. Vocabulario gallego-español. Grado Medio* de Miquel Porcel i Riera (1934)", *Verba* 35 (no prelo).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso: "*La lengoa tajana me par sens'anema*. Consideracións en Internet sobre a realidade lingüística véneta", en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: USC (no prelo).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso: "La Precariedad en la investigación española", *ACME: An International E-Journal for Critical Geographies* (no prelo).
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso Vid. Sousa Fernández, Xulio / Álvarez Pérez, Xosé Afonso.
- Ares Vázquez, Carme / Carme Hermida Gulías -*Dicionario xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*. 2ª edición, corrixida e adaptada á norma ortográfica e morfolóxica da R.A.G. (2003), outubro 2007.
- Ares Vázquez, Carme *Dicionario xerais da lingua*. Vigo: Xerais, 5ª edición revisada, maio 2007.
- Ares Vázquez, Carme *Pequeno dicionario xerais da lingua*. Vigo: Xerais, 3ª reimpresión, marzo 2007.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "A antroponimia nos textos documentais galegos ata o século XIII", en A. I. Boullón Agrelo (ed.): "*Na nosa lingoage galega*". *A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 603-623.

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "A escolla dos nomes en Galicia a finais do século XX", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica "Frei Martín Sarmiento". Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002*. Santiago de Compostela: AGOn / RAG / ILG, 99-114.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "Aproximación á configuración lingüística dos apelidos en Galicia", *Verba* 34, 285-309.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "Cara a unha estandarización da onomástica galega", en D. Trotter (ed.): *Actes du XXIV^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes. Aberystwyth, 1^{er}-6 août 2004*. University of Wales Aberystwyth (United Kingdom), Tübingen: Max Niemeyer, 2007, vol. 2, 3-16.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "Das galicische Personennamensystem", en A. Brendler / S. Brendler (eds.): *Europaïche Personennamensysteme. Ein Handbuch von Abasisch bis Zentralladinisch*, Hamburg: Baar-Verlag, 247-258.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "Farruco, Paco, Fran: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia", *Revista Galega de Filoloxía* 8, 11-56.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "Personal naming trends en Galicia today", en E. Brylla / M. Wahlberg (eds.): *Proceedings of the 21st International Congress of Onomastic Sciences, Uppsala, 19-24 August 2002*, vol. 3. Uppsala: Institute för språk och folkminnen, 62-81.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.) (2007): "*Na nosa lingoage galega*". *A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007). Recensión a Gonzalo Navaza (2007): *Toponimia de Catoira*. Concello de Catoira, en *Verba* 34, 439-442.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007) = *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane Patronymica Romanica (PatRom)*, vol. I.1 *Introductions. Cahier des normes rédactionnelles. Morphologie. Bibliographies*, publié pour le collectif PatRom par Ana María Cano González, Jean Germain et Dieter Kremer. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 2, 634-5 [Ana Isabel Boullón Agrelo, da USC, é responsable dos materiais galegos correspondentes].
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): "Dous novos documentos en galego de Pedro Pérez de Xanrozo, notario de Pruzos, de 1260", en M^a del Val González de la

- Peña (coord.): *Estudios en memoria del Profesor Dr. Carlos Sáez. Homenaje*. Madrid: Universidad de Alcalá, 301-315.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel: “Antón, Sabela, Catuxa... De como os hipocorísticos deveñen en nomes” en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: USC (no prelo).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel: “Apelidos en perigo de extinción”, en *Actas do II Congreso Internacional de Onomástica Galega (Pontevedra. 19, 20 e 21 de outubro de 2006)*. Santiago de Compostela: AGOn / ILG / Uvigo (no prelo).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel Vid. González Seoane, E. X. (dir.) / María Álvarez de la Granja / A. I. Boullón Agrelo.
